

OURENSE, PROVINCIA TERMAL

GALICIA, DESTINO TERMAL

PLAN DE TURISMO TERMAL PARA A PROVINCIA DE OURENSE



O SECTOR TURÍSTICO DE GALICIA:

O sector turístico constitúe un dos sectores máis activos e con maior capacidade de desenvolvemento nas economías europeas, realidade que non é allea á economía galega, onde representa 10,6% do PIB (IMPACTUR 2010) e 11,23% (EPA 2013) do emprego. Pero ademais presenta unha característica que o singulariza sobre outros sectores económicos: **a súa capacidade de xerar intanxibles, imaxe e factor de atracción para outros sectores empresariais**. Acadar un alto recoñecemento de Galicia a nivel global, sen dúbida facilitará unha porta de entrada para o desenvolvemento internacional doutros sectores empresariais. Que **Galicia sexa apreciada como unha marca sólida e de prestixio**, sen dúbida é algo necesario para o desenvolvemento de Galicia; e o sector turístico ten capacidade de facer esa función demostradora, apoiando o conxunto da recuperación económica.

Dende a perspectiva interna, **o turismo constitúe o sector económico con maior capacidade de aportar á cohesión social de Galicia e á loita contra o desequilibrio territorial**, dúas das prioridades de este Goberno. Como amosan experiencias doutras rexións, o turismo ten capacidade de actuar como motor do desenvolvemento primario ou ben ser actor secundario, reforzando e diversificando o crecemento de moi diversos sectores, do cal é un bo exemplo o turismo termal.

O TURISMO TERMAL EN GALICIA:

Galicia conta cun patrimonio natural e cultural que a fan única. Entre os seus múltiples recursos endóxenos, un deles destaca notablemente pola súa **abundancia, calidade e singularidade, e que constitúe unha vantaxe diferenciadora e competitiva respecto a outros destinos tanto a nivel nacional como internacional: as súas augas termais**. Cunhas 300 captacións de augas termais dispersas por todo o territorio galego, con 21 balnearios con máis de 3.000 prazas hoteleiras, con múltiples mananciais, pozas e casas de baños, Galicia conta cunha oferta de turismo termal potente e con grande potencial de consolidación. Galicia é a comunidade líder no conxunto do Estado en canto á oferta minero-medicinal, con máis do 20% dos establecementos balnearios e tamén é a comunidade con maior número de distintivos de calidade nos nosos establecementos termais.

PRESENTACIÓN DO PLAN

O turismo termal en Galicia, no que se integra o **turismo de saúde** e o **turismo de wellness**, é un dos produtos turísticos con **maior grao de especialización e singularidade**, con maior capacidade de **desestacionalización** da demanda, con poder para a **captación de máis segmentos de público**, de gran atractivo para a **articulación de oferta turística combinada** con outros produtos ou servizos relacionados co patrimonio cultural, natural, enogastronómico, deportivo, etc.



XUNTA
DE GALICIA

O PLAN DE TURISMO TERMAL PARA A PROVINCIA DE OURENSE NO MARCO DO PLAN INTEGRAL DE TURISMO DE GALICIA 2014-2016:

Así o contempla o **Plan Integral de Turismo de Galicia 2014-2016 con visión horizonte 2020**. Neste Plan Integral trátase a auga e o termalismo como unha das **grandes fortalezas de Galicia como destino**, xunto ao Camiño de Santiago, a enogastronomía e o patrimonio cultural e natural. No marco do Plan Integral, o turismo termal toma un papel clave na liña estratéxica que fai referencia á oferta turística baseada no patrimonio e nos recursos endóxenos diferenciais, buscando a desestacionalización e os novos públicos.

O **turismo termal** constitúe, por tanto, un dos **produtos turísticos máis importantes e estratéxicos de Galicia como destino único**. Para o seu desenvolvemento, enfócanse **diferentes programas de acción aliñadas cos principais retos do Plan Integral**: consolidar un **posicionamento de marca diferencial**, unha **oferta turística multiexperiencial os 365 días do ano**, un **desenvolvemento turístico** económica, social e ambientalmente **sostible**, e un **sector competitivo, innovador** e con visión **internacional**. Aínda que os recursos termais atópanse nas catro provincias de Galicia, é o **caso de Ourense o que presenta unha maior potencialidade á hora de contribuír ao posicionamento global de Galicia como destino termal**, dada a súa concentración de recursos, axentes e servizos relacionados directa e indirectamente co termalismo e a calidade dos mesmos. Galicia conta ademais coas augas minero-medicinais coa máxima temperatura alcanzada, as de Lobios manan a 72 graos. **PLAN DE TURISMO TERMAL PARA A PROVINCIA DE OURENSE**



DEPUTACIÓN
OURENSE



Este Plan de Turismo Termal para a provincia de Ourense promovido por Turismo de Galicia para os anos 2014-2020, persegue, por tanto, un gran obxectivo central e tres obxectivos específicos:

- **Obxectivo central:** Poñer en valor turístico os recursos naturais e culturais de Ourense, estruturando a oferta, os recursos e os servizos de tal xeito que conduzan á creación do destino Ourense, Provincia Termal.

Obxectivos específicos:

- **Obxectivo 1.** Poñer en valor turístico os recursos naturais e culturais da provincia de Ourense, coa sustentabilidade como criterio clave para acadar unha mellor calidade de vida, a recuperación e preservación dos recursos naturais, e a contribución ao desenvolvemento socioeconómico
- **Obxectivo 2.** Articular os recursos, servizos e oferta termais como Produtos turísticos competitivos, innovadores e desestacionalizadores.
- **Obxectivo 3.** Posicionar Galicia como destino termal a través da potenciación de Ourense como provincia termal.

A PARTICIPACIÓN DO SECTOR E A LABOR DE ANÁLISE E DIAGNOSE NA ELABORACIÓN DO PLAN DE TURISMO TERMAL PARA A PROVINCIA DE OURENSE

O Plan de Turismo Termal para a provincia de Ourense foi articulado coa **participación dos axentes máis relevantes do sector turístico termal**, coa participación de todas as administracións e organismos da Xunta implicados. Na súa fase de análise, leváronse a cabo **45 entrevistas e 2 mesas de traballo** que reuniron tanto aos principais **axentes privados de servizos termais** en Ourense como a outros **axentes públicos e privados relacionados directa e indirectamente co turismo termal** na provincia.

AS LIÑAS ESTRATÉXICAS E OS PROGRAMAS DE ACCIÓN DO PLAN DE TURISMO TERMAL PARA A PROVINCIA DE OURENSE

Finalmente, tras as fases de análise e diagnose establecéronse as **5 principais liñas estratéxicas do Plan de Turismo**

Termal para a provincia de Ourense :

- **L.E.1: Planificación Termal:** Lexislación, planificación, e xestión integrada que acolla a todos os axentes e ordene a cooperación público privada.
- **L.E.2: Infraestruturas Termais:** Mellora, diversificación e creación de infraestruturas termais que caractericen ao destino, adaptadas aos seus entornos e contemplando as súas accesibilidades.
- **L.E.3: Produtos Termais:** Deseño e integración de produtos turísticos de base termal que engloben todos os potenciais recursos ourensáns, enfocados aos diversos segmentos da demanda.
- **L.E.4: Coñecemento Termal:** Cultura, investigación e desenvolvemento termal.
- **L.E.5: Promoción Termal:** Marca, imaxe, comercialización, e participación en redes.

En definitiva, o **Plan de Turismo Termal para a provincia de Ourense** **persegue o fortalecemento do sector turístico termal da provincia de Ourense, coa visión de consolidar e fortalecer o posicionamento de Galicia como destino termal global**, a través das súas liñas estratéxicas e os seus correspondentes programas de accións planificadas temporalmente para ser executadas entre o 2014 e o 2020.

Nava Castro Domínguez

Directora Turismo de Galicia


1. Metodoloxía do deseño do Plan de Turismo Termal para a provincia de Ourense.
2. Análise: o turismo termal na provincia de Ourense no contexto do sector turístico de Galicia.
3. Diagnose: análise DAFO do sector turístico termal da provincia de Ourense.
4. Obxectivos e Liñas Estratéxicas.
5. Programa de Accións.
6. Anexos: Outras propostas nos marcos das liñas estratéxicas.
7. Orzamento estimado



1. METODOLOXÍA DO DESEÑO DO PLAN DE TURISMO TERMAL PARA A PROVINCIA DE OURENSE

FASES DE TRABALLO

RESULTADOS OBTIDOS




2. ANÁLISE:

O TURISMO TERMAL NA PROVINCIA DE OURENSE NO CONTEXTO DO SECTOR TURÍSTICO DE GALICIA




2. ANÁLISE: O TURISMO TERMAL NA PROVINCIA DE OURENSE NO CONTEXTO DO SECTOR TURÍSTICO DE GALICIA


O sector turístico de Galicia pódese visualizar a través de **3 bloques que amosan os elementos e indicadores clave** que nos configuran como destino turístico no 2013.



2. ANÁLISE: O TURISMO TERMAL NA PROVINCIA DE OURENSE NO CONTEXTO DO SECTOR TURÍSTICO DE GALICIA



2. ANÁLISE: O TURISMO TERMAL NA PROVINCIA DE OURENSE NO CONTEXTO DO SECTOR TURÍSTICO DE GALICIA



2. ANÁLISE: O TURISMO TERMAL NA PROVINCIA DE OURENSE NO CONTEXTO DO SECTOR TURÍSTICO DE GALICIA



AXENTES INSTITUCIONAIS:

- Turismo de Galicia
- Deputación de Ourense
- INORDE
- Eurocidade Verín-Chaves
- Federación Galega de Municipios e Provincias
- Asociación Galega da Propiedade Balnearia
- European Historic Thermal Towns Association
- Villas Termales
- Expourense

AXENTES DIRECTOS:

- Feira Internacional Termatalia
- Caldaria
- Balneario de Baños de Molgas
- Balneario do Carballiño
- Ibernisha
- Entretempos
- Monemú

AXENTES TERMAIS MÁIS RELEVANTES DA PROVINCIA DE OURENSE

AXENTES INDIRECTOS CIENTÍFICOS E ACADÉMICOS:


- Máster en Dirección e Planificación do Turismo Interior e de Saúde
- Grao en Turismo
- Escola de Arte e Superior de Deseño "Antonio Faílde"
- Grao Superior en Estética Integral e Benestar

AXENTES INDIRECTOS:

- Aguas de Cabreiroá
- Euroinversiones- Aguas de Sosas
- Agua de Fontenova
- Subita Balnearios, Spa y Wellness
- Xeoquis
- Ingeo
- Iuvenor Lab
- Laboratorio Sybaria
- Adolfo Domínguez
- Roberto Verino
- Sociedad Textil Lonía

OFERTA DE TURISMO TERMAL EN OURENSE


Recursos minero-medicinais da provincia de Ourense segundo a súa tipoloxía de aproveitamento e a súa actividade:



■ Activo
■ Pendente de Apertura
■ Inactivo
■ Descoñecido

Indicacións das augas minero-medicinais dos balnearios activos de Ourense

Principais focos das augas minero-medicinais en Ourense segundo a súa temperatura.



■ Hipertermais
■ Mesotermais
■ Hipotermais
■ Fría

	Arnoia	B.de Molgas	Laias	Lobios	O Carballiño
Cardioloxía e deporte					
Dermatoloxía					
Hepato-dixestivas					
Neuroloxía					
Pediatría					
Renais e urinarias					
Respiratorias					
Reumatoloxía					
Traumatoloxía e deporte					
Vida cotiá					
Xeriatria					
Xinecoloxía					

■ Augas indicadas

■ Augas sen indicacións

3. DIAGNOSE:

ANÁLISE DAFO DO SECTOR TURÍSTICO TERMAL DA PROVINCIA DE OURENSE



3. DIAGNOSE: ANÁLISE DAFO DO SECTOR TURÍSTICO TERMAL DA PROVINCIA DE OURENSE.

ANÁLISE INTERNO

FORTALEZAS

Como parte da análise interna do sector turístico termal da provincia de Ourense, identifícanse os factores favorables do mesmo, que supoñen vantaxes competitivas e alta potencialidade en canto á diferenciación e posicionamento do turismo termal.

ANÁLISE EXTERNO

OPORTUNIDADES

Como parte da análise externa, preséntanse os principais factores do entorno, da competencia, do mercado, de novos segmentos de público, etc. que poden influír positivamente no sector turístico termal ourensán cun correcto aproveitamento e unha boa planificación.

DEBILIDADES

Como parte do análise interna do sector turístico termal ourensán, indícanse os factores detectados que contan cunha maior necesidade de mellorar para acadar un desenvolvemento turístico termal máis eficiente e competitivo, así coma un fortalecemento do destino.

AMEAZAS

Como parte da análise externa do sector, móstranse os principais factores do entorno, da competencia, dos mercados e novos produtos emerxentes, da evolución e cambios na demanda, etc. que poden afectar negativamente ao desenvolvemento do sector.

3. DIAGNOSE: ANÁLISE DAFO DO SECTOR TURÍSTICO TERMAL DA PROVINCIA DE OURENSE.

FORTALEZAS IDENTIFICADAS NO PROCESO DE ANÁLISE INTERNA DO SECTOR TURÍSTICO TERMAL DA PROVINCIA DE OURENSE



- **F.1.** A gran **importancia do turismo termal en Galicia**, referente a nivel nacional e o seu gran potencial para atraer público internacional de perfil medio-alto.
- **F.2.** A **abundancia, diversidade e calidade de recursos termais** en Galicia, especialmente na provincia de Ourense.
- **F.3:** A riqueza do **patrimonio natural e cultural de Galicia**, e da provincia de Ourense, e o seu entorno saudable.
- **F.4.** A **importancia do río Miño** en Ourense, como a columna vertebral da provincia.
- **F.5.** A **abundancia de axentes termais**, tanto directos coma indirectos, na provincia de Ourense, así como de outros axentes industriais con experiencia exportadora e imaxe de marca (plantas de envasado de augas, sector téxtil, sector alimentario)
- **F.6.** A **capacidade desestacionalizadora do turismo termal**, así coma o seu carácter complementario ao resto da oferta turística de Galicia e, en especial, da provincia de Ourense.
- **F.7.** A **innovación levada a cabo tanto no sector termal**, destacando a existencia da Agrupación Empresarial Termal Innovadora, como noutros sectores relacionados co turismo (textil, novas tecnoloxías, accesibilidade, etc.) inflúen positivamente no desenvolvemento do destino e dos servizos prestados aos visitantes.

3. DIAGNOSE: ANÁLISE DAFO DO SECTOR TURÍSTICO TERMAL DA PROVINCIA DE OURENSE.

FORTALEZAS IDENTIFICADAS NO PROCESO DE ANÁLISE INTERNA DO SECTOR TURÍSTICO TERMAL DA PROVINCIA DE OURENSE



- **F.8.** A oferta formativa das tres universidades galegas en materia de turismo, especialmente na provincia ourensá, entre a que destaca o Campus da Auga, cun Mestrado propio en Turismo de Interior e de Saúde, que contribúe a profesionalización e á investigación.
- **F.9.** A existencia dun centro de investigación turística en Galicia (Centro de Estudos Turísticos da Universidade de Santiago de Compostela) e 10 grupos de investigación das universidades que realizan estudos de ámbito turístico.
- **F.10.** A existencia dos 10 produtos cabeceira de marca promovidos por Turismo de Galicia, baseados nos recursos endóxeos, destacando o dedicado ao turismo termal, “Mananciais de Galicia”.
- **F.11.** A imaxe positiva de Galicia como destino auténtico e do seu carácter amable e hospitalario no imaxinario dos turistas nacionais.
- **F.12.** O crecemento do turista internacional, que realiza unha estadía e gasto medio superior ao nacional.
- **F.13.** A situación xeográfica de Ourense, como cruce de camiños e como destino de fronteira.
- **F.14.** Galicia conta coas augas minero-medicinais coa máxima temperatura alcanzada, as de Lobios manan a 72 graos.

3. DIAGNOSE: ANÁLISE DAFO DO SECTOR TURÍSTICO TERMAL DA PROVINCIA DE OURENSE.

OPORTUNIDADES IDENTIFICADAS NO PROCESO DE ANÁLISE INTERNA DO SECTOR TURÍSTICO TERMAL DA PROVINCIA DE OURENSE



- **O.1.** A **fragmentación das vacacións** pola inmensa maioría dos turistas.
- **O.2.** O incremento de persoas que se desprazan por **motivacións diferentes o de “sol e praia”**.
- **O.3.** O **envellecemento da poboación e o aumento da esperanza de vida**, o que permite a consolidación de produtos xa existentes e a súa desestacionalización, e a creación de novos produtos adaptado ao novo segmento.
- **O.4.** O auxe do **Turismo de Retirement**.
- **O.5.** A potencialidade da **xeotermia para o aproveitamento sostible das infraestruturas** turístico termal.
- **O.6.** A entrada en vigor da **Directiva Europea de Asistencia Sanitaria Transfronteriza**, o que fomentará ao desenvolvemento do turismo de saúde e do turismo termal.
- **O.7.** A **existencia dun nicho de mercado Turismo Senior na propia poboación local** (numerosa no segmento Senior), que pode ser un nicho de mercado para o turismo pero tamén para outras actividades (residencias, investigación médica, tecnoloxías accesibles, alimentación equilibrada)
- **O.8.** A **potencialidade da poboación de orixe ourensá na emigración** que pode actuar como cliente potencial durante as súas visitas pero tamén como prescriptor de Ourense nos seus países de residencia.

3. DIAGNOSE: ANÁLISE DAFO DO SECTOR TURÍSTICO TERMAL DA PROVINCIA DE OURENSE.

OPORTUNIDADES IDENTIFICADAS NO PROCESO DE ANÁLISE INTERNA DO SECTOR TURÍSTICO TERMAL DA PROVINCIA DE OURENSE

- **O.9.** A **proxección internacional do Camiño de Santiago** e a súa capacidade para articular oferta combinada co turismo termal na provincia de Ourense.
- **O.10.** A presenza de **compañías aéreas de baixo custo e a as melloras nas comunicación en Galicia, destacando a chegada da Alta Velocidade ferroviaria a Ourense**, coas que se pode atraer turistas a Galicia.
- **O.11.** A existencia dun **Comité De Coordinación Aeroportuaria** en Galicia.
- **O.12.** A consolidación da **Eurocidade Verín-Chaves** para a mellora do posicionamento internacional do turismo termal de Galicia e Ourense.
- **O.13.** O papel de Lobios na **presidencia da Asociación española de Villas Termales** e pertenza da cidade de Ourense á European Historic Thermal Tows Association (EHTTA)
- **O.14.** O novo programa **FEDER 2014/20 como posible fonte de financiamento** de proxectos de turismo termal.
- **O.15.** A definición da **Estratexia Rexional de Especialización Intelixente (RIS3)**, na que o sector participou para a súa elaboración e que inclúe, como unha das súas prioridades, a modernización do sector turismo a través da innovación mediante o uso intensivo das TICs para acadar un sector turístico competitivo a nivel Europeo baseado no turismo cultural e nos recursos naturais.”

3. DIAGNOSE: ANÁLISE DAFO DO SECTOR TURÍSTICO TERMAL DA PROVINCIA DE OURENSE.

DEBILIDADES IDENTIFICADAS NO PROCESO DE ANÁLISE INTERNA DO SECTOR TURÍSTICO TERMAL DA PROVINCIA DE OURENSE

- **D.1.** A **mellorable especialización da oferta termal**, desde os puntos de vista terapéutico e turístico.
- **D.2.** A inexistencia **dunha infraestrutura de referencia que identifique á cidade de Ourense como “capital termal”**.
- **D.3.** A existencia de **infraestruturas termais sen concluír na provincia** de Ourense por problemas burocráticos, financeiros ou de xestión .
- **D.4.** A **pouco estendida cultura termal** e o proceso de envellecemento **do patrimonio** balneario.
- **D.5.** A falta de **actualización ou insuficiencia de normativa** relacionada co turismo termal.
- **D.6.** A **baixa coordinación entre os diferentes axentes** turísticos para articular oferta turística conxunta, produtos turísticos e servizos complementarios en torno ao termalismo.
- **D.7.** A **mellorable coordinación entre administracións** con competencias en materia turística e termal.
- **D.8.** O **mellorable posicionamento** dos recursos termais de Galicia, e en especial de Ourense, tanto a nivel nacional como internacional.
- **D.9.** O **reducido aproveitamento das canles de promoción e comercialización** existentes a nivel nacional e internacional.

3. DIAGNOSE: ANÁLISE DAFO DO SECTOR TURÍSTICO TERMAL DA PROVINCIA DE OURENSE.

DEBILIDADES IDENTIFICADAS NO PROCESO DE ANÁLISE INTERNA DO SECTOR TURÍSTICO TERMAL DA PROVINCIA DE OURENSE

- **D.10.** O **impacto medioambiental** e a falta de integración dalgunhas infraestruturas termais no entorno da provincia de Ourense.
- **D.11.** A **débil coordinación aeroportuaria em Galicia.**



XUNTA
DE GALICIA



DEPUTACIÓN
OURENSE



galicia

3. DIAGNOSE: ANÁLISE DAFO DO SECTOR TURÍSTICO TERMAL DA PROVINCIA DE OURENSE.

AMEAZAS IDENTIFICADAS NO PROCESO DE ANÁLISE INTERNA DO SECTOR TURÍSTICO TERMAL DA PROVINCIA DE OURENSE



- **A.1.** A existencia de **destinos similares , máis consolidados e especializados** cos que hai que competir en calidade e prezo.
- **A.2.** A consolidación dun **mercado global máis accesible** e o incremento nas ofertas en servizos turísticos individuais e combinados noutras rexións e países competidores.
- **A.3.** A **desconfianza nos beneficios terapéuticos das augas por parte do sector sanitario.**
- **A.4.** O **índice de desemprego en Ourense** e ausencia de alternativas que fixen á poboación local ao seu territorio.
- **A.5.** A **situación económico - financeira de España** (e do mundo en xeral), que inflúe na diminución do número de desprazamentos e na redución do gasto en actividades de ocio.
- **A.6.** A **imaxe exterior de España, influenciada pola actual situación de crise**, non beneficia ao sector turístico.

4. OBXECTIVOS E LIÑAS ESTRATÉXICAS



4. OBXECTIVOS E LIÑAS ESTRATÉXICAS

Tras as fases de análise e diagnose, estableceuse os obxectivos do **Plan de Turismo Termal para a provincia de Ourense** :

OBXECTIVO CENTRAL

“Poñer en valor turístico os recursos naturais e culturais de Ourense, estruturando a oferta, os recursos e os servizos de tal xeito que conduzan á creación do destino OURENSE, PROVINCIA TERMAL”

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

Obxectivo 1. Poñer en valor turístico os recursos naturais e culturais da provincia de Ourense, coa sustentabilidade como criterio clave para acadar unha mellor calidade de vida, a recuperación e preservación dos recursos naturais, e a contribución ao desenvolvemento socioeconómico

Obxectivo 2. Articular os recursos, servizos e oferta termais como Produtos turísticos competitivos, innovadores e desestacionalizadores.

Obxectivo 3. Posicionar Galicia como destino termal a través da potenciación de Ourense como provincia termal.

4. OXECTIVOS E LIÑAS ESTRATÉXICAS

Para acadar os obxectivos propostos, defínense as seguintes liñas estratéxicas:



4. OBEXECTIVOS E LIÑAS ESTRATÉXICAS

Para acadar os obxectivos propostos, defínense as seguintes liñas estratéxicas co seguinte plan de accións a desenvolver:

L.E.1: PLANIFICACIÓN TERMAL

Lexislación, planificación, e xestión integrada que acolla a todos os axentes e ordene a cooperación público privada.

Accións a desenvolver:

- | | |
|------|--|
| 1.1. | Adecuación do marco legislativo |
| 1.2. | Planificación Territorial |
| 1.3. | Planificación Sectorial |
| 1.4. | Valorización Patrimonial dos Recursos |
| 1.5. | Finalización e posta en marcha de proxectos inacabados |
| 1.6. | Coordinación na xestión do Turismo Termal |

4. OBXECTIVOS E LIÑAS ESTRATÉXICAS

Para acadar os obxectivos propostos, defínense as seguintes liñas estratéxicas co seguinte plan de accións a desenvolver:

L.E.2: INFRAESTRUTURAS TERMAIS

Mellora, diversificación e creación de infraestruturas termais que caractericen ao destino, adaptadas aos seus entornos e contemplando as súas accesibilidades.

Accións a desenvolver:

- | | |
|------|---|
| 2.1. | Rehabilitación e adecuación de infraestruturas existentes |
| 2.2. | Creación de novas infraestruturas sostibles |
| 2.3. | Acondicionamento dos entornos das infraestruturas termais |
| 2.4. | Mobilidade Sostible |

4. OBXECTIVOS E LIÑAS ESTRATÉXICAS

Para acadar os obxectivos propostos, defínense as seguintes liñas estratéxicas co seguinte plan de accións a desenvolver:

L.E.3: PRODUTOS TERMAIS

Deseño e integración de produtos turísticos de base termal que engloben todos os potenciais recursos ourensáns, enfocados aos diversos segmentos da demanda.

Accións a desenvolver:

3.1.	Deseño de produtos turísticos a desenvolver no curto prazo
3.1.1.	<i>A Auga coida de ti</i>
3.1.2.	<i>A Auga divértete</i>
3.1.3.	<i>Auga é patrimonio</i>
3.1.4.	<i>A Auga fonte de vida</i>
3.1.5.	<i>Galicia baixo a chuvia</i>
3.2.	Proposta de produtos turísticos a desenvolver no medio/longo prazo

4. OBECTIVOS E LIÑAS ESTRATÉXICAS

Para acadar os obxectivos propostos, defínense as seguintes liñas estratéxicas co seguinte plan de accións a desenvolver:

L.E.4: COÑECEMENTO TERMAL

Cultura, investigación e desenvolvemento termal

Accións a desenvolver:

4.1.	Formación
4.2..	Investigación
4.3.	Innovación
4.4.	Difusión da cultura termal

4. OBEXECTIVOS E LIÑAS ESTRATÉXICAS

Para acadar os obxectivos propostos, defínense as seguintes liñas estratéxicas co seguinte plan de accións a desenvolver:



L.E.5: PROMOCIÓN TERMAL

Marca, imaxe, comercialización, e participación en redes

Accións a desenvolver:

5.1.	Marca
5.2..	Comercialización do destino Ourense Provincia Termal
5.3.	Comercialización de novos produtos industriais que creen imaxe de destino
5.4.	Participación en redes e establecemento de alianzas

5. PROGRAMA DE ACCIÓNS



5. PROGRAMA DE ACCIÓNS

CADRO DE SÍNTESE L.E.1. PLANIFICACIÓN TERMAL

PROGRAMA DE ACCIÓNS	ACCIÓNS A IMPULSAR
1.1. Adecuación do marco legislativo	1.1.1. Clasificación e definición da oferta
1.2. Planificación Territorial	1.2.1. Plan Territorial Integrado do Río Miño
1.3. Planificación Sectorial	1.3.1. Plan do Termalismo de Galicia.
1.4. Valorización Patrimonial dos Recursos	1.4.1. Plan Especial de Fontenova 1.4.2. Plan Especial de Cabreiroá
1.5. Finalización e posta en marcha de proxectos inacabados	1.5.1. Apertura do Balneario de Berán
1.6. Coordinación na xestión do Turismo Termal	1.6.1. Consello Termal Ourensán 1.6.2. Implantación efectiva do Plan de Manexo das Augas 1.6.3. Programa de Turismo Senior Termal de Galicia 1.6.4. Estender e ampliar Imserso

5. PROGRAMA DE ACCIÓNS

L.E.1. PLANIFICACIÓN TERMAL

PROGRAMA DE ACCIÓN	1.1. Adecuación do marco legislativo
Acción	1.1.1. Clasificación e definición da oferta
Descrición	<p>A gran cantidade de tipoloxías existentes na explotación das augas termais, tanto desde o punto de vista terapéutico como desde o lúdico, require un cambio na súa regulación. Os cambios nas preferencias da demanda, a caducidade de modelos que perviven en forma de establecementos abandonados (casas de baños) e as novas posibilidades que abre a innovación, motivan a necesidade de realizar unha reflexión sobre a oferta, as súas tipoloxías e as súas normativas. Esta transformación da oferta é especialmente acentuada na provincia de Ourense, onde o Río Miño provoca a aparición de numerosas surxencias termais ao seu paso. Co fin de poder ordenar, planear e garantir a sustentabilidade ambiental, é necesaria unha revisión da lexislación.</p>
Actores implicados	<ul style="list-style-type: none">- Turismo de Galicia- Balnearios de Galicia- Consellería de Economía e Industria- Consellería de Sanidade
Desenvolvemento da acción	<p>Proposta de clasificación de recursos:</p> <ol style="list-style-type: none">1. Manancial/fonte: recurso básico do que emanan augas con valor mineromedicinal ou termal.2. Poza: piscina de auga termal de uso público, e de formación xeralmente natural.3. Casa de baños ou Caldas ou Termas: instalacións termais, de iniciativa pública ou privada, con prestación de servizo e cobro e que garantan unhas condicións básicas.4. Balneario: establecemento que cumpra os requisitos esixidos pola Lei 5/1995, de 7 de xuño, de regulación das augas minerais, termais, de manancial e dos establecementos balnearios da Comunidade Autónoma de Galicia.5. Hotel Balneario: establecemento que cumpra os requisitos esixidos pola Lei 7/2011, de 27 de outubro, do turismo de Galicia6. Complexo termal: recurso termal que conta con diferentes modalidades de aloxamento, servizo termal e oferta de actividades complementarias significativa.7. Vila Termal: entidade local que dispoña de augas declaradas como minerais ou termais e que contén con balneario, tres tipos de aloxamento, cinco técnicas e actividades complementarias.

5. PROGRAMA DE ACCIÓNS

L.E.1. PLANIFICACIÓN TERMAL

PROGRAMA DE ACCIÓN	1.1. Adecuación do marco legislativo						
Acción	1.1.1. Clasificación e definición da oferta						
Desenvolvemento da acción	<p>Na clasificación da oferta o principal problema detectado ten que ver coa tipoloxía que denominamos: Termas, que se define pola administración como Novos Produtos Turísticos, e que no mundo se expanden con novos conceptos de termalismo, a partires das augas termais, de Alaska a Nova Zelandia, pasando polo Ecuador.</p> <p>A súa situación de alegalidade debe ser corrixada no marco dos traballos a desenvolver na Mesa Administración/Empresas para a Reforma e Mellora da Lexislación Balnearia Galega. Estes establecementos deben estar dentro da oferta do termalismo.</p> <p>No ánimo de buscar unha solución que integre estes establecementos co acordo de tódalas partes, sen que supoña a súa consideración como establecementos médicos, senón como centros de benestar, apóstase pola recualificación dos mesmos sobre as seguintes posibles bases:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Por sostibilidade limitalos a cunca do Miño, xa que esta explica a súa orixe. • Incorporar no seu persoal profesional sanitario médico ou Due, que garanta un control. • Reforzar as medidas hixiénico sanitarias, de mantemento e limpeza. 						
Orzamento estimado	60.000 €						
Calendario de realización	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020

5. PROGRAMA DE ACCIÓNS

L.E.1. PLANIFICACIÓN TERMAL

PROGRAMA DE ACCIÓN	1.2. Planificación Territorial
Acción	1.2.1. Plan Territorial Integrado do Río Miño
Descrición	<p>A contorna do río Miño acolle as principais dinámicas socioeconómicas e as expectativas de desenvolvemento da provincia, por iso é preciso a futuro, un pensamento de conxunto e unha ordenación global.</p> <p>O Plan Territorial Integrado da cunca hidrolóxica do río Miño, contemplado nas DOT (artº 10.1.2.c)), deberá partir dun diagnóstico territorial da área, analizando os recursos naturais, a poboación e a súa situación socioeconómica.</p>
Actores implicados	<ul style="list-style-type: none">- Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.- Consellería de Sanidade.
Desenvolvemento da acción	<p>Os principais obxectivos da ordenación centraránse en:</p> <ul style="list-style-type: none">• Protección e conservación do medio natural e das formas tradicionais de organización do territorio (monte-edificación-viña-ribeira-río-ribeira-viña-edificación-monte).• Revitalización das redes de transporte público existentes, e creación doutras novas para conquistar unha rede de mobilidade sostible.• Rehabilitación ambiental dos espazos degradados, dándolles un novo uso e integrándoos na paisaxe orixinal (canteiras, polígonos, industrias contaminantes...).• Recuperación do patrimonio, singularmente das pontes e camiños históricos; Inventariado etnográfico: festas, costumes, crenzas, mitos...• Incorporación de pontes e melloras puntuais de accesibilidade.• Clasificación das actividades económicas máis relevantes por sectores.• Implantación de novos usos e servizos que rexeneren e revitalicen o ámbito, beneficiando a todos os concellos incluídos no PTI, e en definitiva a provincia de Ourense.• Xestión dos acuíferos: control do caudal de extracción, temperatura, calidade...• Activación da complementariedade dos recursos turísticos existentes: equipamentos, recursos termais, bodegas, restauración, aloxamento ...

5. PROGRAMA DE ACCIÓNS

L.E.1. PLANIFICACIÓN TERMAL

PROGRAMA DE ACCIÓN	1.2. Planificación Territorial						
Acción	1.2.1. Plan Territorial Integrado do Río Miño						
Orzamento estimado	200.000 €						
Calendario de realización	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020



5. PROGRAMA DE ACCIÓNS

L.E.1. PLANIFICACIÓN TERMAL

PROGRAMA DE ACCIÓN	1.3. Planificación Sectorial						
Acción	1.3.1. Plan do Termalismo de Galicia						
Descrición	<p>A comunidade autónoma galega é unha potencia termal recoñecida polos seus recursos, historia, oferta e propostas de futuro relacionadas co termalismo. Polo tanto, este sector debe ter un recoñecemento na xestión do termalismo, baseada nas súas potencialidades económicas e de desenvolvemento territorial.</p> <p>Co fin de ordenar e protexer os solos nos que existe unha maior potencialidade termal, propónse a realización dun Plan de Termalismo, a escala galega, no que se delimiten estas áreas e se establezan as pautas a seguir no proceso de explotación.</p>						
Actores implicados	<ul style="list-style-type: none"> - Consellería de Economía e Industria - Consellería de Sanidade - Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas - Turismo de Galicia - Balnearios de Galicia 						
Desenvolvemento da acción	<p>Preténdese conseguir un uso sostible dos recursos existentes, potenciando o emprego de enerxías renovables, e garantindo que as novas edificacións se integren na paisaxe na que se asentan, respectando o entorno e os materiais da zona.</p> <p>Esta proposta, de índole autonómica, permitirá o desenvolvemento de instalacións termais respectuosas co medio, facilitando, ó tempo, o desenvolvemento deste plan ourensán ou dos de outras provincias.</p> <p>E por último, o Plan, definirá o contorno ou límites de sustentabilidade económica e social de dito proceso de desenvolvemento a futuro.</p>						
Orzamento estimado	240.000 €						
Calendario de realización	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020

5. PROGRAMA DE ACCIÓNS

L.E.1. PLANIFICACIÓN TERMAL

PROGRAMA DE ACCIÓN	1.4. Valorización Patrimonial dos Recursos						
Acción	1.4.1. Plan Especial de Fontenova						
Descrición	<p>O antigo Balneario de Fontenova atópase incluído no Ámbito de Planeamento Remitido en Solo Urbano Non Consolidado 20 (APR-20), do PXOM de Verín.</p> <p>Os obxectivos deste planeamento son a reordenación do entorno de Fontenova cara á promoción do termalismo e á obtención dunha parte do parque de Fontenova, pertencente ó sistema xeral de espazos libres.</p>						
Actores implicados	- Concello de Verín						
Desenvolvemento da acción	<p>O edificio do Balneario está incluído no catálogo municipal coa referencia A006. Conta cunha protección estrutural, formando parte dos elementos a protexer tanto os elementos pétreos senlleiros coma os enfoscados pintados.</p> <p>O PXOM contempla un sistema de actuación indirecto de compensación. Como complemento as ideas contempladas nos obxectivos do planeamento municipal, propónse a rehabilitación do antigo Balneario de Fontenova coma Centro de Interpretación das Augas Minerais. Unha edificación que recolla as bases da cultura, da industria e da tradición, do Concello de Verín en torno a este elemento.</p>						
Orzamento estimado	45.000 €						
Calendario de realización	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020

5. PROGRAMA DE ACCIÓNS

L.E.1. PLANIFICACIÓN TERMAL

PROGRAMA DE ACCIÓN	1.4. Valorización Patrimonial dos Recursos						
Acción	1.4.2. Plan Especial de Cabreiroá						
Descrición	O Balneario de Cabreiroá atópase incluído nos terreos do Plan Especial de Protección e Reforma interior 03 (PEPRI-03) do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Verín, do PXOM de Verín. No marco dun convenio urbanístico recóllense as necesidades industriais da planta, a recuperación do Balneario e a creación de novos equipamentos. O obxectivo prioritario deste Plan é a recuperación do inmoble do antigo hotel-balneario e a conservación e posta en valor dos xardíns e espazos exteriores que o acompañan						
Actores implicados	<ul style="list-style-type: none"> - Cabreiroá S.A. - Concello de Verín. 						
Desenvolvemento da acción	<p>A actividade balnearia e hoteleira recuperaríase a través da rehabilitación e ampliación dos edificios existentes dedicados no pasado a estes usos. O edificio está incluído no catálogo municipal coa referencia A008. Conta cunha protección estrutural, formando parte dos elementos a protexer tanto o arborado e a vexetación autóctona, como os enfoscados pintados, as escaleiras e as carpinterías de madeira.</p> <p>Esta intervención preséntase como unha oportunidade de converter o Balneario de Cabreiroá nun establecemento hoteleiro de referencia que resolva a reducida oferta hoteleira do concello. Un Gran Hotel Balneario orientado ó confort e á relaxación dos seus usuarios.</p>						
Orzamento estimado	60.000 € (Pendente financiación)						
Calendario de realización	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020

5. PROGRAMA DE ACCIÓNS

L.E.1. PLANIFICACIÓN TERMAL

PROGRAMA DE ACCIÓN	1.5. Finalización e posta en marcha de proxectos inacabados						
Acción	1.5.1. Apertura do Balneario de Berán						
Descrición	O novo Balneario de Berán, cuxa construción está xa finalizada, require dun impulso á súa apertura. Para iso, proponse un concurso de explotación das instalacións que garanta a valorización deste recurso e a súa integración no entorno.						
Actores implicados	<ul style="list-style-type: none"> - Concello de Leiro. - Entidade parroquial. 						
Desenvolvemento da acción	Propónse executar as accións necesarias para axilizar a contratación dun xestor que introduza no mercado turístico estas novas instalacións e comece a rentabilizar a inversión.						
Orzamento estimado	10.000 €						
Calendario de realización	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020

5. PROGRAMA DE ACCIÓNS

L.E.1. PLANIFICACIÓN TERMAL

PROGRAMA DE ACCIÓN	1.6. Coordinación na xestión do Turismo Termal						
Acción	1.6.1. Consello Termal Ourenés						
Descrición	É precisa a integración de tódalas administracións, central, autonómica, provincial, da capital ourensá, dun representante das Vilas termais ourensás e de asociacións empresariais (propietarios, operadores ou xestores) nun único órgano consultivo.						
Actores implicados	<ul style="list-style-type: none"> - Estado - Xunta de Galicia - Deputación de Ourense (INORDE) - Concellos - Axentes privados 						
Desenvolvemento da acción	<p>Este Consello Termal Ourenés deberá defender Ourense como provincia termal a nivel nacional e internacional, co obxecto de que o seu posicionamento contribúa a un desenvolvemento territorial equilibrado e á creación de emprego de calidade.</p> <p>No marco do Consello Termal, porase en marcha un Observatorio Senior, co obxecto de desenvolver investigacións sobre envellecemento activo, relacións interxeracionais, situación socioeconómica na terceira idade e, por suposto, estudos sobre o termalismo social desde diversas perspectivas (sociolóxica, terapéutica ou económica). Todos estes labores permitirán coñecer a realidade dos maiores de Galicia, tanto de modo global como facilitando a comparación entre territorios.</p> <p>Os resultados das investigacións permitirán deseñar estratexias para mellorar a calidade de vida dos maiores e favorecerán o deseño de produtos e servizos adaptados ás súas necesidades.</p> <p>A xestión das decisións deste Consello corresponderá ao INORDE.</p>						
Orzamento estimado	78.000 €/ ano						
Calendario de realización	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020

5. PROGRAMA DE ACCIÓNS

L.E.1. PLANIFICACIÓN TERMAL

PROGRAMA DE ACCIÓN	1.6. Coordinación na xestión do Turismo Termal						
Acción	1.6.2. Implantación efectiva do Plan de Manexo das Augas						
Descrición	<p>Co fin de velar pola supervivencia da auga mineromedicinal e a súa termalidade, como recurso natural, patrimonial, industrial e lúdico, é necesario supervisar o cumprimento do Plan de Manexo das Augas (Lei 5/1995, de 7 de xuño).</p> <p>Paralelamente, débese revisar o grao de actualización dos controis e niveis de seguridade establecidos e, no caso necesario, valorar unha posible nova lexislación ao respecto.</p>						
Actores implicados	<ul style="list-style-type: none"> - Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestrutura - Balnearios de Galicia. - Operadores termais 						
Desenvolvemento da acción	<p>Este proceso levarase a cabo cunha visión prospectiva, analizando se o progreso e a innovación no medio e longo prazo poden supor unha ameaza para a sustentabilidade das augas mineromedicinais. O potencial desenvolvemento da industria xeotérmica e da oferta turístico termal pública e privada deben ser compatibles entre si e estar enmarcadas dentro do manexo sostible dos acuíferos.</p>						
Orzamento estimado	30.000 €/ano						
Calendario de realización	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020

5. PROGRAMA DE ACCIÓNS

L.E.1. PLANIFICACIÓN TERMAL

PROGRAMA DE ACCIÓN	1.6. Coordinación na xestión do Turismo Termal						
Acción	1.6.3. Programa de Turismo Senior Termal de Galicia						
Descrición	A proliferación por parte das distintas administracións de programas termais ou balnearios, fan necesaria unha revisión, dado que nalgúns casos non se cobren as prazas ofertadas, non se resposta ás necesidades terapéuticas, ou non se cobren novas necesidades como rehabilitación, dependencia, etc.						
Actores implicados	<ul style="list-style-type: none"> - Consellería de Traballo e Benestar. - Turismo de Galicia - Deputacións. 						
Desenvolvemento da acción	Proponse a integración nun só programa autonómico os existentes das diferentes administracións enmarcadas na nosa comunidade autónoma , cunha xestión integrada que redunda nunha maior eficacia e eficiencia no manexo, na difusión e publicidade, así como na mellora da calidade dos programas.						
Orzamento estimado	290.000 €						
Calendario de realización	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020



5. PROGRAMA DE ACCIÓNS

L.E.1. PLANIFICACIÓN TERMAL

PROGRAMA DE ACCIÓN	1.6. Coordinación na xestión do Turismo Termal						
Acción	1.6.4. Estender e ampliar Imserso						
Descrición	A situación actual de distribución de prazas do Imserso, fai unha comunidade punteira en recursos, calidade e oferta termal como Galicia, se atope en niveis moi baixos de prazas contratadas, en relación a outras comunidades menos dotadas. Se temos en conta, ademáis as prácticas de captación de clientes privados de balnearios por parte de empresas para levalos fora de Galicia, atópase unha situación mais complexa.						
Actores implicados	<ul style="list-style-type: none"> - Ministerio de Sanidade - Imserso - Xunta de Galicia 						
Desenvolvemento da acción	Propóñense accións a nivel estatal, europeo e latinoamericano. De xeito concreto, valorarase a ampliación de novas prazas a contratar en Galicia e a implantación de programas de investigación en rehabilitación , dependencia, ou crónicos.						
Orzamento estimado	393.193 (Pendente financiación)						
Calendario de realización	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020

5. PROGRAMA DE ACCIÓNS

CADRO DE SÍNTESE L.E.2. INFRAESTRUTURAS TERMAIS

PLAN DE ACCIÓNS	ACCIÓNS A IMPULSAR
2.1. Rehabilitación e adecuación de infraestruturas existentes	2.1.1. Finalización das obras iniciadas 2.1.2. Completar o proxecto de Prexigueiro 2.1.3. Piscina Flotante Termal: Laias 2.1.4. Viñoterapia en Leiro 2.1.5. Ecocaldas: Lobios. 2.1.6. Aumento da capacidade da oferta de Verín mediante a conversión da acrópole/fortaleza de Monterrei en Parador e transformación do actual Parador en hotel. 2.1.7. Adecuación de servizos: sinalización / Q calidade / horarios e tempadas
2.2. Creación de novas infraestruturas sostibles	2.2.1. Auga Auria: Ourense 2.2.2. Aquiscaldas: Bande
2.3. Acondicionamento dos entornos das infraestruturas termais	2.3.1. Acceso a parque industrial de Cabreiroá 2.3.2. Ruta da Auga desde Verín ata a fronteira 2.3.3. Acceso e mellora do entorno do Balneario de Laias 2.3.4. Mellora do acceso ao Balneario de Lobios e acondicionamento da ruta do río Caldo. 2.3.5. Área/s de autocaravanas: Río Miño.
2.4. Mobilidade Sostible	2.4.1. Apeadeiros: Laias, Prexigueiro-Arnoia, Cortegada 2.4.2. Promoción tren turístico / Tren da Beira do Miño 2.4.3. Rede de transporte solar alternativo: Catamarán 2.4.4. Ecobicis

5. PROGRAMA DE ACCIÓNS

L.E.2. INFRAESTRUTURAS TERMAIS

PROGRAMA DE ACCIÓN	2.1. Rehabilitación e adecuación de infraestruturas existentes						
Acción	2.1.1. Finalización das obras iniciadas						
Descrición	Proponse rematar as obras de infraestruturas termais pendentes como o Balneario de Cortegada, o Balneario de Caldas de Partovia e do Bañiño de Punxín						
Actores implicados	<ul style="list-style-type: none"> - Turismo de Galicia - Deputación de Ourense - Confederación Hidrográfica Miño-Sil - Fundación Balneario de Cortegada - Caldas Partovia - Concello de Punxín 						
Desenvolvemento da acción	<p>O Balneario de Cortegada ten pendente rematar co proceso de equipamento para poder realizar a súa apertura, logo dun longo proceso urbanístico. Estase a apoiar esta última fase de intervención, para poder completar a oferta termal da provincia con este establecemento de referencia na historia termal ourensá. Por outra banda, preséntase urxente a convocatoria dun concurso para a súa xestión. A futuro, este establecemento ten a posibilidade de desenvolver un proxecto de Hotel Balneario que dependa xa da iniciativa privada, ou da Fundación Balneario de Cortegada.</p> <p>Ademais do balneario de Cortegada, remataranse as obras de Reforma e Ampliación do Balneario de Caldas de Partovia, no Carballiño.</p> <p>En Punxín tense iniciado o proxecto o Bañiño de Punxín sobre os recursos inventariados (fichas 050,051, e 052). Trátase dun novo proxecto termal, integrado nunha fermosa rota de sendeirismo, aínda que afectado por unha liña de alta tensión. Será preciso completar os estudos hidrolóxicos, e de viabilidade para acadar un proxecto executable, polas administracións implicadas.</p>						
Orzamento estimado	Cortegada 200.000 € / Partovia 2.000.000 € / Punxín 60.000 €						
Calendario de realización	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020



5. PROGRAMA DE ACCIÓNS

L.E.2. INFRAESTRUTURAS TERMAIS

PROGRAMA DE ACCIÓN	2.1. Rehabilitación e adecuación de infraestruturas existentes						
Acción	2.1.2. Completar o proxecto de Prexigueiro						
Descrición	As Termas de Prexigueiro non contan con todos os requisitos para ser consideradas balneario, ademais, non contan com prazas de aloxamento, polo que se propón melloras as súas instalacións nestes dous ámbitos.						
Actores implicados	- Sociedade Xestora Prexigueiro.						
Desenvolvemento da acción	<p>1ª FASE: PROXECTO DE BALNEARIO As Termas de Prexigueiro non cumpren todos os requisitos necesarios para ser consideradas un Balneario, a pesar da calidade recoñecida historicamente dos seus recursos hidrotermais. Proponse que este establecemento se adecúe aos criterios establecidos pola normativa e pase a ser incluído oficialmente na categoría de Balneario.</p> <p>2ª FASE: PROXECTO DE ALOXAMENTO Os promotores do establecemento teñen en proxecto o desenvolvemento dun área de aloxamento, en forma de edificacións espalladas polo bosque. Este proxecto, de iniciativa privada, poderá ser financiado coas axudas pertinentes que se soliciten.</p>						
Orzamento estimado	720.000 €						
Calendario de realización	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020

5. PROGRAMA DE ACCIÓNS

L.E.2. INFRAESTRUTURAS TERMAIS

PROGRAMA DE ACCIÓN	2.1. Rehabilitación e adecuación de infraestruturas existentes						
Acción	2.1.3. Piscina Flotante Termal: Laias						
Descrición	Co fin de optimizar as condicións do lugar de ubicación deste balneario ao carón do río Miño, propónse a creación dunha piscina flotante termal no río a través da reutilización dunha antiga gabarra industrial procedente dunha areeira. A autorización desta instalación ante a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil tramitaríase como unha embarcación.						
Actores implicados	<ul style="list-style-type: none"> - Turismo de Galicia - Confederación Hidrográfica Miño Sil - Caldaria 						
Desenvolvemento da acción	<p>Este novo espazo de ocio termal, estaría conectado coa piscina exterior existente do balneario a través dunha pasarela de madeira.</p> <p>A superficie da embarcación adicaríase a zona de baños, a solarium (a través dunha praia artificial de madeira) e a un pequeno bar flotante.</p> <p>Esta solución permitiría integrar ó balneario no río e na súa paisaxe, completando a súa oferta e valorizando o entorno.</p>						
Orzamento estimado	280.000 €						
Calendario de realización	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020



5. PROGRAMA DE ACCIÓNS

L.E.2. INFRAESTRUTURAS TERMAIS

PROGRAMA DE ACCIÓN	2.1. Rehabilitación e adecuación de infraestruturas existentes						
Acción	2.1.4. Viñoterapia en Leiro						
Descrición	O proxecto de viñoterapia en Leiro ampliará as posibilidades de desenvolvemento turístico especializado nesta comarca. Xunto coas augas termais e o Románico, o viño é un dos recursos turísticos máis diferenciadores da provincia de Ourese, que conta con 4 dos 5 territorios DO galegos (Monterrei, Ribeira Sacra, Valdeorras e Ribeiro)						
Actores implicados	- Turismo de Galicia.						
Desenvolvemento da acción	Esta proposta é acorde ao proxecto xa aprobado de Viñoterapia no Mosteiro de San Clodio, a desenvolver por Turismo de Galicia, que contribuiría a unha interesante especialización en conexión coas premiadas adegas do lugar e as posibles derivadas cosméticas, e de tratamentos á carta, sobre a base dos viños do Ribeiro.						
Orzamento estimado	Leiro: 900.000 €						
Calendario de realización	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020



5. PROGRAMA DE ACCIÓNS

L.E.2. INFRAESTRUTURAS TERMAIS

PROGRAMA DE ACCIÓN	2.1. Rehabilitación e adecuación de infraestruturas existentes						
Acción	2.1.5. Ecocaldas: Lobios.						
Descrición	<p>O conxunto edificado do Balneario de Lobios está nun espazo de alto valor natural, sendo a integración do mesmo co seu entorno polo de agora, moi limitada. En base ó antedito, propónse a creación dunhas Termas, nas proximidades do Balneario, nas que o papel protagonista o asuman a auga e a paisaxe natural do Parque Natural do Xurés.</p> <p>Deféndese un turismo sostible, cun baixo impacto sobre o medio ambiente, que xere emprego e contribúa á rexeneración económica e paisaxística da zona. Estas ecocaldas unirán descanso, cultura e natureza. Integraranse no entorno, respectando o medio ambiente, e contribuíndo ó progreso e á mellora da comunidade local, e ó crecemento sostible da industria turística.</p>						
Actores implicados	<ul style="list-style-type: none"> - Caldaria - Confederación Hidrográfica Miño-Sil - Deputación de Ourense 						
Desenvolvemento da acción	<p>Integrarán ofertas de baño ó aire libre en auga termal e tamén saunas, e salas de vapor para aproveitar as propiedades respiratorias das augas, creando un produto que combinado co aire puro do espazo natural, dea lugar as “augas de respirar”, que rememoren as orixinais romanas.</p> <p>Sobre esa base da extraordinaria temperatura (70°C), é sobor da que se debería crear un novo equipamento termal (Ecocalda), que aunarás a singularidade do recurso, a súa sostibilidade enerxética, e a súa posible oferta médica, de benestar, ou lecer, para configurar un “signature treatment” que o faga único e o caracterice.</p>						
Orzamento estimado	1.000.000 €						
Calendario de realización	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020

5. PROGRAMA DE ACCIÓNS

L.E.2. INFRAESTRUTURAS TERMAIS

PROGRAMA DE ACCIÓN	2.1. Rehabilitación e adecuación de infraestruturas existentes						
Acción	2.1.6. Aumento da capacidade da oferta de Verín mediante a conversión da acrópole/fortaleza de Monterrei en Parador e transformación do actual Parador en hotel.						
Descrición	<p>A partir da análise dos datos incluídos no Diagnóstico e das conclusións das entrevistas mantidas, detéctase que Verín posúe unha moi reducida capacidade para a celebración de eventos, a pesares da dinámica da zona e dos requirimentos dun territorio de fronteira coma este.</p> <p>Resulta de interese a combinación do turismo termal con outros tipos de turismo como o cultural, natural, etc.</p> <p>Co fin de subsanar esta carencia proponse a conversión da acrópole/fortaleza de Monterrei en Parador e a conversión do actual Parador en hotel.</p>						
Actores implicados	<ul style="list-style-type: none"> - Paradores - Turismo de Galicia - Axentes privados 						
Orzamento estimado	3.200.000 €						
Calendario de realización	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020

5. PROGRAMA DE ACCIÓNS

L.E.2. INFRAESTRUTURAS TERMAIS

PROGRAMA DE ACCIÓN	2.1. Rehabilitación e adecuación de infraestructuras existentes						
Acción	2.1.7. Adecuación de servizos: sinalización / Q calidade / horarios e tempadas						
Descrición	Ademais da necesidade de rehabilitar ou crear infraestructuras termais sustentables e acordes á normativa, é importante que os servizos que estas ofrezan estean adecuados ás necesidades do mercado e dos clientes . Nesta liña salientan os convenios de Turismo de Galicia para a implantación da Q de calidade en Balnearios.						
Actores implicados	<ul style="list-style-type: none"> - Turismo de Galicia - Deputación de Ourense - Balnearios de Galicia 						
Desenvolvemento da acción	<p>Un punto de mellora prioritario son os horarios das instalacións balnearias. Neste sentido recoméndase o incremento do tempo de apertura durante a franxa horaria da tarde/noite, como medida de adaptación ás necesidades de novos segmentos de demanda.</p> <p>No ámbito das instalacións termais, é unha cuestión de vital importancia garantir que todos os centros contén cun cuestionario de saúde e que este sexa revisado por un DUE, que entrevistará persoalmente ao paciente no caso de que presente algunha enfermidade, e daralle as indicacións oportunas sobre o modo máis conveniente de desfrutar, ou non, das instalacións. Na mesma liña, debe garantirse o cumprimento dos plans de control e dos protocolos de limpeza e mantemento.</p> <p>Por último, é importante resolver o problema da sinalética. Actualmente atópase nas estradas sinalización vertical de infraestructuras inactivas ou sinalización con nomenclatura inapropiada, que, por exemplo denomina como "Balnearios" a establecementos que non cumpren os requisitos esixidos. Neste sentido, cómpre citar a oportunidade que supoñen os proxectos aprobados de sinalización de vilas termais. Do mesmo modo, as sinalizacións sobre horarios de apertura son con frecuencia incorrectas.</p> <p>Unha situación análoga acontece en planos, guías e en publicacións web, dando como resultado un incorrecto servizo de información ao turista. Proponse revisar e corrixir todos estes puntos para ofrecer indicacións fiables, actualizadas e rigorosas.</p>						
Orzamento estimado	Sinalización: 200.000 € / Calidade: 10.000 € / Horarios e tempadas: 100.000 € (Pendente financiación)						
Calendario de realización	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020

5. PROGRAMA DE ACCIÓNS

L.E.2. INFRAESTRUTURAS TERMAIS

PROGRAMA DE ACCIÓN	2.2. Creación de novas infraestruturas sostibles						
Acción	2.2.1. Auga Auria: Ourense						
Descrición	<p>Crearase unha nova instalación termal de orientación terapéutica, termal e aloxativa, na zona de As Burgas, denominada Auga Auria.</p> <p>Esta idea desenvólvese no recentemente aprobado Estudo de Detalle da área de intervención AI10, que xa ten aprobados todos os trámites urbanísticos, e permitiría o desenvolvemento do Hotel Balneario ourensán de referencia, e atópase vinculada directamente coa realización do paseo termal ANABAR, na ribeira do río (AI-07 do PXOM de Ourense).</p>						
Actores implicados	<ul style="list-style-type: none"> - Concello de Ourense - Entidades privadas - IGAPE 						
Desenvolvemento da acción	<p>Esta actuación, convertería a degradada ribeira do río Barbaña nun equipamento urbano, co termalismo como motor do mesmo, dotando á cidade dun Gran Hotel Balneario que complete a súa oferta hoteleira mediante unha infraestrutura termal de referencia, que permita crystalizar a condición de capital termal, ao tempo que recupera para a vida urbana as pezas e trazas históricas que aparecen nesta zona (antiga Cárcere, Casa de Baños, Canella do Rastro, Ponte Pelamios).</p>						
Orzamento estimado	37.480.000 € (Pendente definir financiación)						
Calendario de realización	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020

5. PROGRAMA DE ACCIÓNS

L.E.2. INFRAESTRUTURAS TERMAIS

PROGRAMA DE ACCIÓN	2.2. Creación de novas infraestruturas sostibles						
Acción	2.2.2. Aquiscaldas: Bande						
Descrición	<p>En Bande, no entorno do actual encoro, existía unha Casa de Baños, cuxos vestixios sobreviven hoxe en día en forma de pozas termais, inundándose frecuentemente coas subidas de dito encoro. Co fin de mellorar a oferta termal da zona, plantéxanse dous tipos de actuacións:</p> <ul style="list-style-type: none"> • A conservación das pozas existentes dentro da categoría 2 de Pozas. • A creación dunhas novas caldas nesta área, protexidas das subidas das augas. 						
Actores implicados	<ul style="list-style-type: none"> - Confederación Hidrográfica do Miño-Sil - Deputación de Ourense - Concello de Bande 						
Desenvolvemento da acción	<p>O nome fai referencia ó campamento romano de Aquis Querquennis, que formou parte do equipamento militar do exército romano no seu tránsito pola Baixa Limia, nos séculos I e II. Estas caldas convértense noutra forma de achegarse á cultura romana, e poderían complementar a visita dos restos arqueolóxicos e do Centro de Interpretación Arqueolóxica da Fundación Aquae Querquennae.</p>						
Orzamento estimado	Bande: 800.000 €						
Calendario de realización	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020

5. PROGRAMA DE ACCIÓNS

L.E.2. INFRAESTRUTURAS TERMAIS

PROGRAMA DE ACCIÓN	2.3. Acondicionamento dos entornos das infraestruturas termais						
Acción	2.3.1. Acceso a parque industrial de Cabreiroá						
Descrición	<p>A situación actual do acceso ó Balneario e á planta de envasado fai que os grandes tráilers só teñan acceso pola entrada principal do Balneario, xerando un grande impacto sobre o entorno e o patrimonio existente.</p> <p>O Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Verín, segundo o convenio asinado entre o Concello de Verín e a sociedade Augas de Cabreiroá, S.A. no ano 2010, recolle o acondicionamento e mellora do viario de acceso á Fábrica de Cabreiroa.</p>						
Actores implicados	<ul style="list-style-type: none"> - Deputación de Ourense - Concello de Verín 						
Desenvolvemento da acción	Esta intervención, permitirá afastar o tráfico pesado da parcela ocupada polo antigo Balneario, desviando a circulación de servizo, dotando dun novo acceso á parcela , e viabilizando o desenvolvemento da nova área industrial vencellada ás augas.						
Orzamento estimado	900.000 €						
Calendario de realización	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020

5. PROGRAMA DE ACCIÓNS

L.E.2. INFRAESTRUTURAS TERMAIS

PROGRAMA DE ACCIÓN	2.3. Acondicionamento dos entornos das infraestruturas termais						
Acción	2.3.2. Ruta da Auga desde Verín ata a fronteira						
Descrición	Os concellos de Verín e de Chaves levan anos traballando no desenvolvemento termal. Entre os seus proxectos figura a Ruta Termal da Auga de Verín a Chaves.						
Actores implicados	<ul style="list-style-type: none"> - Turismo de Galicia - Deputación de Ourense 						
Desenvolvemento da acción	Esta intervención garantirá un produto transfronteirizo, a través da conexión polo río Támega dos recursos termais da Eurocidade de Verín e Chaves , e posibilitará o seu percorrido tanto a pé como en bicicleta. O itinerario total é de 18,80 km.						
Orzamento estimado	240.000 € (1ª fase) 689.000 € (2ª fase)						
Calendario de realización	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020



5. PROGRAMA DE ACCIÓNS

L.E.2. INFRAESTRUTURAS TERMAIS

PROGRAMA DE ACCIÓN	2.3. Acondicionamento dos entornos das infraestruturas termais						
Acción	2.3.3. Acceso e mellora do entorno do Balneario de Laias						
Descrición	Proponse que a mellora do vial que comunica Laias co acceso ao Balneario garanta as condicións de seguridade e accesibilidade de todo tipo de vehículos e peóns , e que tanto as intervencións que se realicen coma a elección dos materiais a empregar, sexan respectuosas co entorno e co núcleo tradicional.						
Actores implicados	<ul style="list-style-type: none"> - Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas. - Deputación de Ourense - Concello de Cenlle 						
Desenvolvemento da acción	Por outra banda, proponse o acondicionamento e a limpeza de todo o entorno fluvial , do contorno da vía do tren, facilitando os accesos, que permitan integrar o novo apeadeiro, así coma a mellora do parque que vincula o antigo e o novo balneario.						
Orzamento estimado	185.000 € (1º fase) 265.000 € (2º fase)						
Calendario de realización	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020

5. PROGRAMA DE ACCIÓNS

L.E.2. INFRAESTRUTURAS TERMAIS

PROGRAMA DE ACCIÓN	2.3. Acondicionamento dos entornos das infraestruturas termais						
Acción	2.3.4. Mellora do acceso do balneario de Lobios e acondicionamento da ruta do río Caldo.						
Descrición	Proponse o acondicionamento do acceso ao Balneario de Lobios, así coma o acondicionamento do paseo da ribeira do río.						
Actores implicados	- Turismo de Galicia						
Desenvolvemento da acción	O proceso de mellora está xa parcialmente iniciado, da man do proxecto elaborado para mellora de acceso e da ruta de Río Caldo, entre Turismo de Galicia e a Deputación.						
Orzamento estimado	40.000 €						
Calendario de realización	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020



5. PROGRAMA DE ACCIÓNS

L.E.2. INFRAESTRUTURAS TERMAIS

PROGRAMA DE ACCIÓN	2.3. Acondicionamento dos entornos das infraestruturas termais						
Acción	2.3.5. Área/s de autocaravanas: Río Miño.						
Descrición	<p>Co fin de facilitar alternativas ós turistas que viaxan en autocaravana, propónse a creación dunha área de autocaravanas na ribeira do Miño, que complete a rede das existentes na actualidade no resto da provincia de Ourense:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Área AC de Cartelle • Área AC de Entrimo • Área AC de A Peroxa • Área AC de Parada do Sil • Área AC de A Rúa 						
Actores implicados	- Turismo de Galicia						
Desenvolvemento da acción	<p>Con esta actuación preténdese ordenar un sector do turismo en crecemento favorecendo a súa integración na realidade turística.</p> <p>Esta área deberá ter definidas as prazas de estacionamento e estar equipada cun punto de baleirado de augas grises.</p> <p>Valórase a ubicación dunha na zona de Outariz, dada a demanda detectada, e doutra na zona de Verín, pola súa condición de territorio limítrofe con Portugal.</p>						
Orzamento estimado	120.000 €						
Calendario de realización	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020

5. PROGRAMA DE ACCIÓNS

L.E.2. INFRAESTRUTURAS TERMAIS

PROGRAMA DE ACCIÓN	2.4. Mobilidade Sostible						
Acción	2.4.1. Apeadeiros: Laias, Prexigueiro-Arnoia, Cortegada.						
Descrición	Co fin de completar o servizo do tren que discorre pola ribeira do río Miño, propónse ampliar o número de apeadeiros en función das necesidades dos usuarios e das súas demandas.						
Actores implicados	- Deputación de Ourense						
Desenvolvemento da acción	Realizarase un estudo en profundidade que analice as conexións co resto do sistema de mobilidade sostible proposto (catamarán e bicicletas), sendo, a priori, as zonas que presentan maior interese as seguintes: <ul style="list-style-type: none"> • Balneario de Laias • Termas Prexigueiro – Balneario Arnoia • Balneario de Cortegada. 						
Orzamento estimado	150.000 €						
Calendario de realización	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020

5. PROGRAMA DE ACCIÓNS

L.E.2. INFRAESTRUTURAS TERMAIS

PROGRAMA DE ACCIÓN	2.4. Mobilidade Sostible						
Acción	2.4.2. Promoción tren turístico / Tren da Beira do Miño.						
Descrición	<p>Na actualidade discorren dúas liñas de tren ó día pola ribeira do Miño:</p> <ul style="list-style-type: none"> • León-Vigo. Paradas: Ourense-Filgueira-Ribadavia-Frieira. • Madrid-Vigo. Paradas: Ourense-Barbantes-Filgueira-Ribadavia-Frieira. <p>Este medio de transporte preséntase como unha alternativa sostible para a comunicación entre os diferentes recursos termais do entorno do Miño. Proponse aumentar a frecuencia do servizo de tren neste tramo, ou incorporando un novo convoie, axustándose ás necesidades dos usuarios.</p>						
Actores implicados	<ul style="list-style-type: none"> - Turismo de Galicia - Deputación de Ourense - RENFE - Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas - Confederación Hidrográfica Miño-Sil 						
Desenvolvemento da acción	Este percorrido integraría as rutas enoturísticas, xa que neste ámbito se atopan importantes adegas. Facilitará o desenvolvemento de novos produtos turísticos e fomentaría a mobilidade sostible de poboación local e visitante pola contorna.						
Orzamento estimado	15.000 €						
Calendario de realización	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020

5. PROGRAMA DE ACCIÓNS

L.E.2. INFRAESTRUTURAS TERMAIS

PROGRAMA DE ACCIÓN	2.4. Mobilidade Sostible						
Acción	2.4.3. Rede de transporte solar alternativo: Catamarán						
Descrición	Como parte da rede de mobilidade sostible porase en marcha un servizo de catamaráns solares que facilite as conexións entre as dúas ribeiras do río Miño.						
Actores implicados	<ul style="list-style-type: none"> - Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas - Deputación de Ourense - Confederación Hidrográfica Miño-Sil - Compañías eléctricas. 						
Desenvolvemento da acción	O barco xerará corrente para os seus motores eléctricos mediante células solares colocadas no teito da cuberta. Como apoio a este sistema de enerxía, os catamaráns poderán recargar as súas baterías nos pantaláns de servizo conectados coas centrais hidroeléctricas dos encoros de Frieira e Castrelo de Miño. A empresa hidroeléctrica farase cargo da adquisición e mantemento dos catamaráns dentro da súas políticas de medio ambiente e Responsabilidade Social Corporativa, como parte dun proxecto global de mobilidade sostible.						
Orzamento estimado	380.000 €						
Calendario de realización	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020

5. PROGRAMA DE ACCIÓNS

L.E.2. INFRAESTRUTURAS TERMAIS

PROGRAMA DE ACCIÓN	2.4. Mobilidade Sostible						
Acción	2.4.4. Ecoubicis						
Descrición	Co fin de facilitar as conexións sostibles entre os diferentes lugares de interese da ribeira do Miño, e de ofrecer unha alternativa de ocio tanto para os visitantes como para a poboación local, propónse a creación dunha rede de aluguer de bicicletas convencionais, estruturada a través de diferentes puntos de recollida e depósito situados nas áreas máis singulares do conxunto.						
Actores implicados	<ul style="list-style-type: none"> - Consellería de Economía e Industria - Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas. - Confederación Hidrográfica Miño-Sil. 						
Desenvolvemento da acción	Como complemento a este equipamento fomentárase a adecuación das diferentes sendas peonís que percorren a ribeira, así como a creación de novos percorridos.						
Orzamento estimado	90.000 € (Pendente definir financiación)						
Calendario de realización	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020

5. PROGRAMA DE ACCIÓNS

CADRO DE SÍNTESE L.E. 3: PRODUTOS TERMAIS

PLAN DE ACCIÓNS	ACCIÓNS A IMPULSAR
<p>3.1. Deseño de produtos turísticos</p>	<p>3.1.1. A Auga coida de ti <i>3.1.1.1. Termalismo Corporativo para Empresas</i> <i>3.1.1.2. Semana do Tratamento Personalizado</i> <i>3.1.1.3. Tren Ourense Termal</i></p> <p>3.1.2. A Auga divértete <i>3.1.2.1. Entroido Termal</i> <i>3.1.2.2. Ourense Nipón</i> <i>3.1.2.3. BTT-Termal</i></p> <p>3.1.3. Auga é patrimonio <i>3.1.3.1. Ourense Capital Termal</i> <i>3.1.3.2. Termalismo na Ribeira Sacra /Enohidroturismo na Ribeira Sacra</i></p> <p>3.1.4. A Auga fonte de vida <i>3.1.4.1. Descanso Termal Peregrino</i> <i>3.1.4.2. Camiño da Prata Termal</i> <i>3.1.4.3. Compostela Termal</i></p> <p>3.1.5. Galicia baixo a chuvia <i>3.1.5.1. Inverno Termal.</i> <i>3.1.5.2. Primeira pel, segunda pel.</i></p>
<p>3.2. Produtos turísticos a desenvolver no medio/longo prazo</p>	<p>3.2.1. Auga de Camiñar: Parque Termal de O Carballiño 3.2.2. Auga de Beber: Verín 3.2.3. Auga de Respirar: Ecofronteira Termal de Lobios 3.2.4. Auga de Lecer: Miño Termal 3.2.5. Auga de Pensar: Estancias de Meditación 3.2.6. Auga de Vivir: Retirement 3.2.7. Auga de Contar: Rutas “Momentos da Historia Orensá”</p>
<p>3.3. Produtos turísticos ligados á gastronomía saudable.</p>	<p>3.3.1. Deseño de Menús Saudables para Balnearios.</p>

5. PROGRAMA DE ACCIÓNS

L.E.3. PRODUTOS TERMAIS

PROGRAMA DE ACCIÓN	3.1. Deseño de produtos turísticos 3.1.1. A Auga coida de ti						
Acción	3.1.1.1. Termalismo Corporativo para Empresas						
Descrición	A través desta acción crearase unha oferta de turismo termal enfocada ao segmento de mercado formado por traballadores de empresas. Articularanse produtos específicos na liña de prevención de riscos laborais, acordos con cada tipo de actividade empresarial e dirixidos a realizar tratamentos preventivos que garantan o bo estado físico e psíquico dos empregados.						
Actores implicados	- Axentes privados						
Desenvolvemento da acción	Levarase a cabo a identificación dos problemas de saúde asociados a cada sector de produción e o deseño de programas terapéutico-termais. Como punto de partida, a modo exemplo piloto, articularanse tratamentos para as seguintes doenzas: problemas musculares, dermatolóxicos e respiratorios, que poderían ser aproveitados respectivamente por Citroen, Coren e o colectivo de extracción da pedra. Unha vez definido o binomio balneario-sector industrial, o persoal médico cualificado deseñará programas de tratamentos de hidroterapia e a planificación da súa duración. Deseñaranse programas con e sen pernocta, e á hora de implantarse adaptaranse aos casos individuais de cada traballador. Un produto complementario do anterior, no ámbito do wellness, e das actividades de grupo (<i>Team Building</i>) para os traballadores das grandes e medianas empresas, é o “Companies Thermal week ends”, programas de fin de semana, para colectivos de empresa.						
Orzamento estimado	10.000 € (Pendente financiación)						
Calendario de realización	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020

5. PROGRAMA DE ACCIÓNS

L.E.3. PRODUTOS TERMAIS

PROGRAMA DE ACCIÓN	3.1. Deseño de produtos turísticos <i>3.1.1. A Auga coida de ti</i>						
Acción	3.1.1.2. Semana do Tratamento Personalizado						
Descrición	Os beneficios das augas para a saúde deben ir acompañados dunha correcta aplicación dos tratamentos para maximizar a súa eficiencia e contribuír ao fomento do Health Tourism. A tal fin propónse a "Semana do Tratamento Personalizado", na que o paciente vive unha experiencia reparadora integral. Esta proposta será aplicable a todos os balnearios de Ourense, coa colaboración dos aloxamentos da contorna nos casos de establecementos sen hospedaxe.						
Actores implicados	- Axentes privados						
Desenvolvemento da acción	Impulsarase a organización de semanas de tratamentos temáticos, por especialidades, por colectivos, por grupos de interese, patoloxías, etc, para acadar os mellores resultados, e se fose posible con estudos que avalen os mesmos. A proposta esixe que o balneario deseñe unha carta de produtos para diversas tipoloxías, que permitirá en última instancia que os establecementos recuperen o seu papel como establecementos sanitarios. Como referencia, propóñense programas de 5, 9 ou 15 noites, nos que o visitante realiza unha consulta médica exhaustiva e participa nun programa de saúde que ademais de hidroterapia, inclúa tratamentos, táboas de exercicios, propostas de alimentación e outras actividades, entre outras prácticas. Deste modo garántese un seguimento médico nos tratamentos e nos propios espazos de augas, pero tamén na valoración final e seguimento dos pacientes.						
Orzamento estimado	10.000 € (Pendente financiación)						
Calendario de realización	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020

5. PROGRAMA DE ACCIÓNS

L.E.3. PRODUTOS TERMAIS

PROGRAMA DE ACCIÓN	3.1. Deseño de produtos turísticos 3.1.1. A Auga coida de ti						
Acción	3.1.1.3. Tren Ourense Termal						
Descrición	Unha experiencia termal pode comezar no momento no que o turista se sube ao tren. Habilitarase un vagón personalizado coa imaxe de Ourense Provincia Termal, onde se explique en que consiste o tratamento e como se vai desenvolver a estancia e se facilite información complementaria sobre o destino e os seus atractivos, podendo reservar nese intre os tratamentos e actividades nas que se atope interesado.						
Actores implicados	<ul style="list-style-type: none"> - RENFE - Tour operadores a definir - INORDE 						
Desenvolvemento da acción	<p>Desde o momento en que o turista sube ao tren comeza a experiencia termal. No vagón tematizado e acondicionado, o viaxeiro recibe unha consulta médica xeral. A continuación prescríbese un tratamento termal, preséntanselle as actividades lúdicas e culturais, facilítaselle información turística xeral de Ourense e realízanse as reservas oportunas para a súa estancia.</p> <p>Unha vez que o viaxeiro chega á estación de tren da cidade de Ourense, poderá desprazarse ata o balneario de destino en tren ou a través dun servizo de transporte. Nesta proposta poden participar todos os balnearios da provincia, coa colaboración de aloxamentos turísticos no caso de balnearios sen hotel (O Carballiño). A estación do Carballiño faría de distribuidor do Ribeiro.</p> <p>Durante a estancia, de 5 días/4 noites, o usuario desfrutará de tratamentos termais e de actividades culturais e recreativas. Na viaxe de volta, repítese a experiencia do vagón termal, como forma de valoración e seguimento e se lle ofrecen propostas para a súa próxima estancia.</p>						
Orzamento estimado	80.000 € (Pendente definir financiación)						
Calendario de realización	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020

5. PROGRAMA DE ACCIÓNS

L.E.3. PRODUTOS TERMAIS

PROGRAMA DE ACCIÓN	3.1. Deseño de produtos turísticos 3.1.2. A Auga divértete						
Acción	3.1.2.1. Entroido Termal						
Descrición	O Carnaval constitúe un dos recursos culturais de maior repercusión para varios dos municipios de Ourense. A existencia de importantes plantas de envasado de augas en Verín, xunto a este fenómeno cultural e lúdico, abre unha clara oportunidade turístico-termal a explorar. Proponse a introdución de actividades de contido festivo e fóra da tempada de Entroido.						
Actores implicados	<ul style="list-style-type: none"> - Deputación de Ourense - Concello de Verín - Portas de Galicia - Empresas 						
Desenvolvemento da acción	Proponse o deseño de experiencias turísticas en establecementos termais da provincia de Ourense baixo a temática do Entroido, co fin de difundir a cultura material e inmaterial relacionada co este festexo tan representativo de Galicia, especialmente de Ourense. O obxecto é promocionar esta celebración fóra de tempada para atraer repetición da visita en Entroido.						
Orzamento estimado	10.000 €						
Calendario de realización	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020



5. PROGRAMA DE ACCIÓNS

L.E.3. PRODUTOS TERMAIS

PROGRAMA DE ACCIÓN	3.1. Deseño de produtos turísticos 3.1.2. A Auga divértete						
Acción	3.1.2.2. Ourense ZEN.						
Descrición	A oferta lúdico-termal de Ourense desenvolvida nos últimos tempos (Termas da Chavasqueira, Outariz e Prexigueiro) é de inspiración nipoa. Proponse aproveitar estas infraestruturas e servizos, en combinación coa oferta de Manzaneda, para dar a coñecer a cultura oriental, da man do crecente interese pola gastronomía e o arte deste país.						
Actores implicados	<ul style="list-style-type: none"> - Deputación de Ourense - IBERNISHA - Galicia Calidade 						
Desenvolvemento da acción	<p>A proposta pasa por crear un paquete que combine o aloxamento na cidade de Ourense, a gastronomía local e os recursos culturais da cidade con actividades termais isnpiradas na tradición xaponesa e coa gastronomía dese país, tendo en conta Manzaneda. Tras ser recibido cunha cea baseada na cociña xaponesa, o segundo día o usuario de "Ourense Zen" visita a instalación termal. Alí, tras cubrir o cuestionario de saúde, o cliente recibe a vestimenta propia da cultura termal xaponesa, calzado e toalla). Suxírese que esta toalla estea deseñado por algúns dos referentes da moda ourensá e que o usuario de Ourense Zen poida gardala como recordo da súa experiencia. De modo complementario ao baño, ofreceranse obradoiros ou xornadas temáticas (cociña, debuxo, cine).</p> <p>Tras abandonar as instalacións, o turista dispón de tempo libre para coñecer a cidade e despide o día cunha cea a base de produtos típicos galegos. Promoverase o movemento Slow Food ligado á promoción de produtos enogastronómicos galegos e saudables, en colaboración con Galicia Calidade.</p> <p>Excursión opcional a Manzaneda.</p> <p>Na derradeira xornada, recibe un tratamento termal e é despedido cun xantar "galaico-xaponés".</p>						
Orzamento estimado	10.000 €						
Calendario de realización	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020

5. PROGRAMA DE ACCIÓNS

L.E.3. PRODUTOS TERMAIS

PROGRAMA DE ACCIÓN	3.1. Deseño de produtos turísticos 3.1.2. A Auga divértete						
Acción	3.1.2.3. BTT-Termal						
Descrición	A recente apertura do centro BTT-Verín Viana e o próximo BTT da Limia com balneario, supón unha oportunidade para articular un produto turístico que combine auga e deporte co carácter natural e saudable da zona.						
Actores implicados	<ul style="list-style-type: none"> - Portas de Galicia. - Concellos - Axentes privados. 						
Desenvolvemento da acción	<p>Unha vez que o turista chega ao aloxamento de Turismo Rural, no que se hospedará durante 2 noites, recibe un bono gastronómico para a degustación de 5 tapas durante a estancia nunha selección de establecementos. Posteriormente é convidado a unha “Cea saudable de benvida”, na que se lle proporcionarán os nutrientes necesarios para afrontar o esforzo físico do día seguinte e se lle invita a participar nunha cata de augas.</p> <p>O segundo día, e tras almorzar no Aloxamento Rural, ten lugar a realización dun percorrido en bicicleta. Esta actividade estará guiada por persoal do Centro BTT, a súa dificultade adaptase ao nivel do participante e virá acompañada dun “pícnico btt”. Unha vez completada a ruta, o turista é conducido a un Spa das proximidades para que desfrute dun circuito reconstituínte. Para finalizar o día, o turista cea na casa de Turismo Rural.</p> <p>Durante a seguinte xornada e tras almorzar no aloxamento rural, o usuario ten a opción de realizar pola súa conta a Ruta da Auga en bicicleta e desfrutar dos valores naturais do entorno. A última actividade do programa consiste na visita a unha bodega da Denominación de Orixe Monterrei, onde coñece o proceso de elaboración do viño e degusta diferentes variedades.</p>						
Orzamento estimado	10.000 €						
Calendario de realización	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020

5. PROGRAMA DE ACCIÓNS

L.E.3. PRODUTOS TERMAIS

PROGRAMA DE ACCIÓN	3.1. Deseño de produtos turísticos 3.1.3. A Auga é patrimonio						
Acción	3.1.3.1. Ourense Capital Termal						
Descrición	Esta proposta consiste na articulación dun produto turístico termal na cidade de Ourense.						
Actores implicados	<ul style="list-style-type: none"> - Concello de Ourense - Touroperadores a definir - Galicia Calidade 						
Desenvolvemento da acción	<p>A experiencia comeza coa chegada do usuario a un hotel da cidade, momento no que se lle entregan un bono desconto cosmética, un bono desconto moda e un pack de 5 vales por tapas a canxear nalgún dos restaurantes recollidos nun listado. Promoverase o movemento Slow Food ligado á promoción de produtos enogastronómicos galegos e saudables, en colaboración con Galicia Calidade.</p> <p>Durante o segundo día ten lugar a visita guiada ao Centro de Interpretación das Burgas e o Baño na Piscina Termal.</p> <p>O terceiro día o usuario de "Ourense Termal" participa nunha visita guiada á catedral e ás principais rúas do centro histórico. Finalizada a mesma, pode continuar a desfrutar pola súa conta da cidade.</p> <p>O último día, unha vez finalizado o almuerzo, o usuario realiza a visita guiada "As Pontes de Ourense". Desde un enclave privilexiado e con vistas ao río, un guía explícalle a construción de pontes durante as diferentes fases históricas, con especial referencia á ponte romana.</p> <p>Rematada a visita, e en base á información facilitada tanto no material sobre o programa como nas recomendacións dos diferentes axentes involucrados (hotel, guía turístico), o turista pode optar por achegarse a algunha das instalacións termais do entorno do río Miño, para o que disporá de información completa sobre as posibilidades de transporte e horarios.</p>						
Orzamento estimado	10.000 € (Pendente financiación)						
Calendario de realización	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020

5. PROGRAMA DE ACCIÓNS

L.E.3. PRODUTOS TERMAIS

PROGRAMA DE ACCIÓN	3.1. Deseño de produtos turísticos 3.1.3. A Auga é patrimonio						
Acción	3.1.3.2. Termalismo na Ribeira Sacra /Enohidroturismo na Ribeira Sacra						
Descrición	Este produto combina enclave natural con enohidroturismo e ten como aloxamento un establecemento hoteleiro de referencia, como é o Parador de Santo Estevo.						
Actores implicados	<ul style="list-style-type: none"> - Turismo de Galicia. - Consorcio Turismo Ribeira Sacra. - Paradores. - Touroperadores a definir. 						
Desenvolvemento da acción	<p>Durante o primeiro día o cliente chega ao Parador. Alí se lle entrega material turístico sobre a zona e información práctica sobre o contido xeral do paquete turístico. Unha vez instalado no Hotel, dispón de tempo libre para descansar ou para establecer unha primeira toma de contacto coa zona (neste tempo libre recoméndanse alternativas de ocio, como catamaráns ou visitas a museos). Á hora da cea, sérveselle un “Menú Gastronómico” con produtos tradicionais da cociña local, e coidando con especial atención ás augas e aos viños.</p> <p>A seguinte xornada comeza coa Ruta dos Miradoiros, na que o usuario poderá desfrutar das características paisaxes da zona. Ao mediodía visita unha bodega, onde coñecerá mellor a tradición vinícola da Ribeira Sacra e poderá degustar os caldos locais e outros produtos da súa cociña. Pola tarde, e de volta ao Parador, dispón de tempo libre para acceder ao spa/balneario ou para recibir un tratamento (a elixir dentro dunha carta de servizos). Para finalizar a xornada o usuario participa nunha cata de augas seguida dunha cea.</p> <p>Na última xornada, tras o almuerzo, o usuario dispón de tempo libre para realizar a actividade que non desfrutou no día anterior (spa/tratamento).</p>						
Orzamento estimado	Termalismo: 10.000 € / Enohidroturismo: 10.000 € (Pendente financiación)						
Calendario de realización	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020

5. PROGRAMA DE ACCIÓNS

L.E.3. PRODUTOS TERMAIS

PROGRAMA DE ACCIÓN	3.1. Deseño de produtos turísticos 3.1.4. A Auga fonte de vida						
Acción	3.1.4.1. Descanso Termal Peregrino						
Descrición	Santiago de Compostela é un dos principais destinos turísticos do norte da Península Ibérica. Co fin de aproveitar a oportunidade que supón a proximidade con Ourense, propónse crear o produto "Descanso Termal Peregrino".						
Actores implicados	<ul style="list-style-type: none"> - Axentes privados - INORDE 						
Desenvolvemento da acción	Trátase de estancias de 2 días nun balneario ourensán que permita ao peregrino recuperarse da peregrinación, con tratamentos axeitados ás súas patoloxías (como pernas cansadas ou dor de costas). A tal fin suxírese a creación de paquetes específicos para peregrinos que poidan ser promocionados en puntos clave da capital galega: no entorno da Catedral, na Oficina de Peregrino ou nas estacións de tren e de bus. Do mesmo xeito terase en conta o deseño de estratexias de publicidade e promoción, como a participación en sorteos, a disposición de información ao longo do Camiño ou a integración deste paquete no novo portal web.						
Orzamento estimado	10.000 €						
Calendario de realización	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020

5. PROGRAMA DE ACCIÓNS

L.E.3. PRODUTOS TERMAIS

PROGRAMA DE ACCIÓN	3.1. Deseño de produtos turísticos 3.1.4. A Auga fonte de vida						
Acción	3.1.4.2. Camiño da Prata Termal						
Descrición	<p>O Camiño de Santiago está a acadar unha cotas de éxito que fan preciso pensar na desconcentración de uso, especialmente no Camiño Francés. Por iso os camiños a Santiago ourensán (Vía da Prata) representa unha axeitada alternativa. O portugués é o primeiro turista internacional; Ourense ten máis de 200 kms de fronteira con Portugal; e portugués é tamén o idioma dun dos países latinoamericanos con máis interese no camiño: Brasil.</p> <p>Por iso o Camiño de Santiago ten ao seu paso por Ourense unha grande oportunidade de complementariedade no termalismo. A proposta "Camiño da Prata Termal" propón realizar a ruta da Vía da Prata combinada con pernoctacións e tratamentos en balnearios</p>						
Actores implicados	- Axentes privados						
Desenvolvemento da acción	<p>Os traslados aloxamento-principio etapa e final etapa-aloxamento están incluídos e son prestados polo aloxamento no que o peregrino se hospeda cada noite.</p> <p>Para que esta proposta se poida desenvolver adecuadamente, será necesario difundila e captar aos turistas antes da súa viaxe. Para iso, propónse realizar accións de promoción específicas con diversas asociacións e organizacións interesadas no termalismo ou no Camiño, tanto nacionais como internacionais.</p>						
Orzamento estimado	10.000 €						
Calendario de realización	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020



5. PROGRAMA DE ACCIÓNS

L.E.3. PRODUTOS TERMAIS

PROGRAMA DE ACCIÓN	3.1. Deseño de produtos turísticos 3.1.4. A Auga fonte de vida						
Acción	3.1.4.3. Compostela Termal						
Descrición	<p>O Camiño de Santiago é un dos principais produtos turísticos de Galicia, que atrae cada ano a máis peregrinos desde puntos cada vez máis afastados. As rutas de peregrinación son variadas, e varias atravesan o territorio ourensán.</p> <p>O obxecto desta proposta é ofrecer a súa merecida recompensa aos peregrinos por ter feito o Camiño.. Por iso, proponse a creación do produto "Compostela Termal", como un agasallo ou recompensa outorgado unha vez rematada a peregrinación, que contribúa ao mesmo tempo á recuperación das secuelas físicas do Camiño.</p>						
Actores implicados	<ul style="list-style-type: none"> - Axentes privados - INORDE 						
Desenvolvemento da acción	Unha vez outorgada a Compostela, o peregrino recibe a posibilidade de desfrutar dun tratamento nun hotel balneario no que se lle ofrecería un desconto feito polos propios balnearios dun tratamento nun hotel balneario para estancias de dúas ou tres noites en tempada baixa.						
Orzamento estimado	10.000 €						
Calendario de realización	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020

5. PROGRAMA DE ACCIÓNS

L.E.3. PRODUTOS TERMAIS

PROGRAMA DE ACCIÓN	3.1. Deseño de produtos turísticos 3.1.5. Galicia baixo a chuvía						
Acción	3.1.5.1. Inverno Termal.						
Descrición	<p>A práctica das actividades termais é perfectamente compatible coas condicións meteorolóxicas da estación invernal. A posibilidade de gozar dun baño en augas termais con frío, chuvía ou neve constitúe a oportunidade sobre a que se articula o produto "Inverno Termal".</p> <p>Esta proposta está deseñada como unha experiencia de fin de semana que combina augas termais, turismo rural e gastronomía.</p>						
Actores implicados	<ul style="list-style-type: none"> - Axentes privados - INORDE 						
Desenvolvemento da acción	<p>O programa comeza coa chegada do usuario ao establecemento de Turismo Rural (venres pola tarde). Á noite, recibe unha "Cea de Inverno", composta por pratos típicos da gastronomía tradicional galega (cocido, caldo ou similares) e é invitado a participar na elaboración dunha Queimada.</p> <p>O segundo día (sábado) comeza cun almorzo servido na propia casa de Turismo Rural, seguido da práctica de actividades de tempada (elaboración de licores, augardentes ou talleres gastronómicos) nos casos nos que sexa posible. Como alternativa, pódense ofrecer visitas a bodegas ou a museos, segundo os atractivos turísticos que existan na contorna e que figuran recollidos no Diagnóstico.</p> <p>Posteriormente, o cliente desfruta dun xantar nun establecemento do lugar e dun baño ou circuíto termal; a modo indicativo cítanse como referencia Prexigueiro ou O Carballiño. Rematado o baño, trasládase ao usuario novamente á casa rural onde será recibido cunha "Cea de Tempada".</p> <p>Durante o último día (domingo) o cliente desfruta novamente dun almorzo na casa de Turismo Rural. A continuación, despídese do destino ourensá no que pasou os últimos días cunha "Comida de Inverno", servida nalgún dos restaurantes das proximidades.</p>						
Orzamento estimado	10.000 €						
Calendario de realización	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020

5. PROGRAMA DE ACCIÓNS

L.E.3. PRODUTOS TERMAIS

PROGRAMA DE ACCIÓN	3.1. Deseño de produtos turísticos 3.1.5. Galicia baixo a chuvia						
Acción	3.1.5.2. Primeira pel, segunda pel.						
Descrición	<p>A moda é un dos sectores de referencia da industria ourensá. A posta en marcha dun produto turístico de inverno que aproveite esta oportunidade é o obxectivo da proposta "Primeira pel, segunda pel", que toma o seu nome das declaracións feitas por Adolfo Domínguez durante a pasada Termatalia, cando afirmou «A moda é unha segunda pel que coidamos como nos axuda a coidarnos a primeira das nosas peles, as termas».</p> <p>O produto proposto neste Plan é una estancia de 4 noites nas que se combinan termalismo, compras e turismo industrial e que ten unha variante de 2 noites (variante express).</p>						
Actores implicados	<ul style="list-style-type: none"> - Axentes privados - INORDE 						
Desenvolvemento da acción	<p>Na variante estendida, a actividade comeza coa chegada do turista a un hotel urbano com spa na cidade de Ourense, orientado as esixencias do segmento máis cosmopolita. Nesa mesma liña, na selección dos restaurantes primarán aqueles espazos gastronómicos innovadores.</p> <p>Durante a primeira xornada, o usuario é acompañado de compras por un shopper assistant, que o levará ás tendas das principais marcas ourensás e o orientará sobre as tendencias. Pola tarde, o turista desfruta dun baño nas instalacións termais de Chavasqueira ou Outariz.</p> <p>Para o segundo día prográmase unha saída a Allariz, onde se poderán visitar os outlets, os obradoiros e showrooms dos novos creadores e coñecer o excelente patrimonio cultural da vila.</p> <p>Durante a terceira xornada, o usuario visita as fábricas téxtiles de San Cibrao e, pola tarde, participa noutra sesión de compras con shopper assistant, esta vez centrada nos complementos.</p> <p>O cuarto día comeza cunha saída a Niñodaguia para coñecer a artesanía e as técnicas alfareiras. Pola tarde ten lugar unha sesión de compras con shopper assistant, esta vez sobre cosmética.</p> <p>O último día o usuario é trasladado a un balneario da provincia onde recibirá un tratamento reconstituínte, como paso previo a volver ao seu domicilio.</p> <p>Na variante express, teñen lugar só as actividades contempladas nos días 1 e 3.</p>						
Orzamento estimado	10.000 €						
Calendario de realización	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020

5. PROGRAMA DE ACCIÓNS

L.E.3. PRODUTOS TERMAIS

PROGRAMA DE ACCIÓN	3.2. Produtos turísticos a desenvolver no medio/longo prazo						
Acción	3.2.1. Auga de Camiñar: Parque Termal de O Carballiño						
Descrición	Este produto combina estancias en establecementos do entorno, actividades termais nos Balnearios de O Carballiño e Caldas de Partovia, paseos pola senda peonil que conectará ambas instalacións, a posibilidade de plantar especies botánicas no Parque (ofrecendo unha sémola ao usuario), visitas ao patrimonio etnográfico ou a museos e visitas botánicas guiadas. A futura revitalización do Museo de Papel ampliaría as posibilidades para desenvolver este produto.						
Actores implicados	<ul style="list-style-type: none"> - Axentes privados - INORDE 						
Orzamento estimado	10.000 € (Pendente financiación)						
Calendario de realización	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020

5. PROGRAMA DE ACCIÓNS

L.E.3. PRODUTOS TERMAIS

PROGRAMA DE ACCIÓN	3.2. Produtos turísticos a desenvolver no medio/longo prazo						
Acción	3.2.2. Auga de Beber: Verín						
Descrición	Produto turístico que combina turismo de saúde e deportivo, a partir de auga en bebida (prescrita por persoal sanitario nos mananciais das plantas de envasado), paseos en contacto coa natureza, percorridos en bicicleta pola Ruta Termal e da Auga, baños termais no futuro balneario de Caldeliñas e a visita cultural, e as actividades a desenvolver no Museo da Imaxe da Auga (Pavillón da fonte de Fontenova).						
Actores implicados	<ul style="list-style-type: none"> - Axentes privados - CONCELLO DE VERÍN 						
Orzamento estimado	10.000 € (Pendente financiación)						
Calendario de realización	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020



5. PROGRAMA DE ACCIÓNS

L.E.3. PRODUTOS TERMAIS

PROGRAMA DE ACCIÓN	3.2. Produtos turísticos a desenvolver no medio/longo prazo						
Acción	3.2.3. Auga de Respirar: Ecofronteira Termal de Lobios						
Descrición	Produto turístico que combina termalismo e natureza, auga e vapores quentes, e aire puro. No seu deseño inclúiranse os aspectos culturais dos baños e saunas romanas de Río Caldo, as novas ecocaldas, visitas ao espazo protexido (nas partes española e portuguesa) e sendeirismo con diversas rutas.						
Actores implicados	<ul style="list-style-type: none"> - Axentes privados - Concello de Lobios 						
Orzamento estimado	10.000 € (Pendente financiación)						
Calendario de realización	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020

5. PROGRAMA DE ACCIÓNS

L.E.3. PRODUTOS TERMAIS

PROGRAMA DE ACCIÓN	3.2. Produtos turísticos a desenvolver no medio/longo prazo						
Acción	3.2.4. Auga de Lecer: Miño Termal						
Descrición	Produto turístico termal, lúdico e cultural, que combina o Tren da Beira do Miño, catamaráns, rede de bicicletas, termalismo (balnearios, piscina flotante de Lais e novos produtos turísticos, caldas de pedra) e a nova oferta hoteleira						
Actores implicados	- Axentes privados						
Orzamento estimado	10.000 € (Pendente financiación)						
Calendario de realización	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020

5. PROGRAMA DE ACCIÓNS

L.E.3. PRODUTOS TERMAIS

PROGRAMA DE ACCIÓN	3.2. Produtos turísticos a desenvolver no medio/longo prazo						
Acción	3.2.5. Auga de Pensar: Estancias de Meditación						
Descrición	Produto turístico que combina actividades termais con estancias de retiro e introspección. Levaría aparellada a recuperación de balnearios en enclaves naturais apartados (Mondón, Bembibre, Vilaza), combinados con reflexión, paseo e relaxación.						
Actores implicados	- Axentes privados						
Orzamento estimado	10.000 € (Pendente financiación)						
Calendario de realización	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020

5. PROGRAMA DE ACCIÓNS

L.E.3. PRODUTOS TERMAIS

PROGRAMA DE ACCIÓN	3.2. Produtos turísticos a desenvolver no medio/longo prazo						
Acción	3.2.6. Auga de Vivir: Retirement						
Descrición	A partir da consolidación da imaxe de Ourense como destino saudable e de retiro, formúlase esta proposta. O obxectivo é recuperar aldeas, como a aldea de A Barca (Cortegada), como aldeas rurais ou apartamentos turísticos dirixidos a persoas que acadaron a idade da xubilación e buscan tranquilidade; salientando o papel da riqueza termal e das instalacións balnearias da zona.						
Actores implicados	- Axentes privados						
Orzamento estimado	10.000 € (Pendente financiación)						
Calendario de realización	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020

5. PROGRAMA DE ACCIÓNS

L.E.3. PRODUTOS TERMAIS

PROGRAMA DE ACCIÓN	3.2. Produtos turísticos a desenvolver no medio/longo prazo						
Acción	3.2.7. Auga de Contar: Rutas “Momentos da Historia Orensá”						
Descrición	A investigación histórica abre as portas a novos produtos de turismo cultural e termal estruturados en torno aos distintos poboadores (rutas xudías con baños en Prexigueiro, rutas romanas con baños en Bande/en Ourense e similares).						
Actores implicados	- Axentes privados						
Orzamento estimado	10.000 € (Pendente financiación)						
Calendario de realización	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020

5. PROGRAMA DE ACCIÓNS

L.E.3. PRODUTOS TERMAIS

PROGRAMA DE ACCIÓN	3.3. Produtos turísticos ligados á gastronomía saudable.						
Acción	3.3.1. Deseño de Menús Saudables para Balnearios.						
Descrición	O Centro Superior de Hostalería de Galicia deseñará menús saudables para implantar e ofrecer nos hoteis-balnearios galegos, co obxecto de articular ofertas conxuntas e coordinadas entre todos os establecementos e así ofrecer experiencias máis completas e sanas aos seus usuarios. Promoverase o movemento Slow Food ligado á promoción de produtos enogastronómicos galegos e saudables, en colaboración con Galicia Calidade.						
Actores implicados	<ul style="list-style-type: none"> - Turismo de Galicia (Centro Superior de Hostalería de Galicia) - Galicia Calidade 						
Orzamento estimado	A definir						
Calendario de realización	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020

5. PROGRAMA DE ACCIÓNS

CADRO DE SÍNTESE L.E.4. COÑECEMENTO TERMAL

PROGRAMAS DE ACCIÓNS	ACCIÓNS A IMPULSAR
4.1. Formación	4.1.1. Escola de Arte: especialidade en Deseño Termal 4.1.2. Cualificación profesional: Hidrotermal 4.1.3. Formación de Hidrosumillers
4.2.. Investigación	4.2.1. Xornadas itinerantes polas vilas termais de Galicia 4.2.2. Bioglea das augas 4.2.3. Atlas Termal
4.3. Innovación	4.3.1. Master Turismo Termal / Campus da Auga: EIP on Water 4.3.2. Cosmética Termal 4.3.3. Moda Termal
4.4. Difusión da cultura termal	4.4.1. Biblioteca Alejandra Juno 4.4.2. Ourense Film Festival: Sección Termal

5. PROGRAMA DE ACCIÓNS

L.E.4. COÑECEMENTO TERMAL

PROGRAMA DE ACCIÓN	4.1. Formación						
Acción	4.1.1. Escola de Arte: especialidade en Deseño Termal						
Descrición	Deseñárase unha titulación específica sobre deseño termal , que aporte aos profesionais do sector novos coñecementos sobre termalismo e potencie as capacidades que axuden a mellorar a súa capacitación.						
Actores implicados	- Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.						
Desenvolvemento da acción	<p>O deseño dunha rama específica de Deseño Termal, responde á necesidade de cualificar ó activo humano da oferta termal, en aspectos relacionados coa hidroterapia, cos usos terapéuticos da auga, coa balneoterapia, etc. Reforzarase con esta acción un dos elementos clave da oferta termal da provincia de Ourense, os profesionais do termalismo.</p> <p>A Escola de Arte e Superior de Ourense imparte na actualidade titulacións relacionadas co Deseño de interiores. A impartición desta nova titulación polo seu equipo docente suporá unha especialización que reforzará ademais a súa oferta formativa. Este feito será un factor de atracción do talento en busca da especialización.</p>						
Orzamento estimado	A definir						
Calendario de realización	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020

5. PROGRAMA DE ACCIÓNS

L.E.4. COÑECEMENTO TERMAL

PROGRAMA DE ACCIÓN	4.1. Formación						
Acción	4.1.2. Cualificación profesional: Hidrotermal						
Descrición	Mediante esta acción perséguese fortalecer o talento dos profesionais do turismo termal co obxecto de formalos e cualificalos a través dunha formación superior especializada que permita non só formar aos futuros profesionais senón tamén aos profesionais en activo.						
Actores implicados	- Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.						
Desenvolvemento da acción	Potenciarase a Creación de ensinanzas de formación superior especializadas en materia de hidrotermalismo e balneoterapia para formar novos profesionais e tamén para ofrecer actividades de formación continua aos axentes termais en activo. Aproveitarase as sinerxías co Campus de Ourense, das empresas de servizos locais, de xeito que se consiga a máxima profesionalidade dos equipos e persoas que están a traballar e cualificar a oferta termal. No proceso de creación destas ensinanzas tratarase de concienciar a todos os axentes públicos implicados das posibilidades do termalismo como actividade xeradora de emprego e riqueza e atraer a titulación á cidade de Ourense, garantindo a formación de profesionais e contribuíndo á xeración de emprego e riqueza.						
Orzamento estimado	A definir						
Calendario de realización	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020

5. PROGRAMA DE ACCIÓNS

L.E.4. COÑECEMENTO TERMAL

PROGRAMA DE ACCIÓN	4.1. Formación						
Acción	4.1.3. Formación de Hidrosumillers						
Descrición	Aproveitando o saber e a tradición das empresas emboteladoras das augas, o seu singular recurso natural, as infraestruturas que acompañan aos mananciais e o crecente auxe das catas de augas, propónse a realización dun curso de formación específico para hidrosumillers.						
Actores implicados	<ul style="list-style-type: none"> - Empresas emboteladoras das augas - Universidade de Vigo 						
Desenvolvemento da acción	<p>Deseñarase un Curso de Formación de Hidrosumillers, no entorno dun manantial e balneario, que inclúa ciclos formativos temáticos, seminarios prácticos, eventos de difusión.</p> <p>O Centro estaría orientado ao estudo de todo o relativo á auga mineral, e incluíría no seu plan de formación aspectos que van desde historia das augas minerais envasadas, clasificacións das augas, principios alimenticios, auga é saúde, técnicas de degustación, percepcións sensoriais da auga, maridaxes e aplicacións gastronómicas, ata coctelería e baristas.</p>						
Orzamento estimado	A definir						
Calendario de realización	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020

5. PROGRAMA DE ACCIÓNS

L.E.4. COÑECEMENTO TERMAL

PROGRAMA DE ACCIÓN	4.2. Investigación						
Acción	4.2.1. Xornadas itinerantes polas vilas termais de Galicia						
Descrición	Realizaranse xornadas itinerantes polas vilas termais de Galicia, contando co Campus da Auga, como centro de referencia na investigación e tratamento das augas minero-medicinais.						
Actores implicados	<ul style="list-style-type: none"> - Universidade de Vigo - Concellos 						
Desenvolvemento da acción	<p>Realizaranse distintos tipo de actividades cuio resultado será difundido nas xornadas. Estas actividades poderán ser:</p> <ul style="list-style-type: none"> • a realización estudos xeolóxicos, • a realización de análises das propiedades da auga, • a definición de posibles liñas de innovación enfocadas cunha aplicación aos balnearios, • a realización de xornadas de difusión, aproveitando as instalacións dispoñibles, coma por exemplo as do centro comarcal da vila termal do Carballiño, cun enfoque temático como pode ser a investigación termal, a demanda do turismo termal, as infraestruturas termais, etc. 						
Orzamento estimado	Incluído en “Campus Auga”						
Calendario de realización	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020

5. PROGRAMA DE ACCIÓNS

L.E.4. COÑECEMENTO TERMAL

PROGRAMA DE ACCIÓN	4.2. Investigación						
Acción	4.2.2. Bioglea das augas						
Descrición	Un campo de investigación por desenvolver é a aplicación dos peloides con fins terapéuticos e cosméticos, en especial o caso dos peloides hipertermais como fangos ou biogleas.						
Actores implicados	<ul style="list-style-type: none"> - Universidade de Vigo. - Concellos. 						
Desenvolvemento da acción	<p>Favorecerase a colaboración con empresas e institucións para o desenvolvemento de áreas de investigación, vinculadas á identificación xenética das augas mineromedicinais, e de áreas de preparación de peloides, fomentando a introdución de novas tecnoloxías e a creación de produtos.</p> <p>No caso de Ourense, valorarase empregar como campo de investigación o de Niñodaguia, pola calidade e tradición dos seus barros. Apoirase en colaboracións de entidades con experiencia na materia como pode ser a empresa “Peloides Termales”.</p>						
Orzamento estimado	Incluído en “Campus Auga”.						
Calendario de realización	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020

5. PROGRAMA DE ACCIÓNS

L.E.4. COÑECEMENTO TERMAL

PROGRAMA DE ACCIÓN	4.2. Investigación						
Acción	4.2.3. Atlas Termal						
Descrición	A riqueza termal de Ourense, precisa dunha estratexia que permita afondar no seu coñecemento, así como dunha ferramenta para inventariar de modo fiable, actualizado e efectivo os seus recursos.						
Actores implicados	<ul style="list-style-type: none"> - Consellería de Medio Ambiente, territorio e Infraestructuras (Instituto de Estudos do Territorio) - Concello de Ourense 						
Desenvolvemento da acción	Impulsarase a elaboración dun Atlas Termal Europeo en base a un Sistema de Información Xeográfica (SIX) , que permita recoller todos os recursos termais, sobre a base dun modelo de datos creado ad hoc. Os resultados permitirían medir os caudais, temperaturas e composicións das augas, entre outros factores, e facilitarían a comparación interterritorial.						
Orzamento estimado	24.000 €						
Calendario de realización	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020

5. PROGRAMA DE ACCIÓNS

L.E.4. COÑECEMENTO TERMAL

PROGRAMA DE ACCIÓN	4.3. Innovación						
Acción	4.3.1. Master Turismo Termal / Campus da Auga: EIP on Water						
Descrición	A recente aprobación por parte do Consello de Goberno da Xunta de Galicia do proxecto Campus da Auga, dotará á cidade de Ourense do primeiro campus especializado de Galicia, que supón unha oportunidade para lograr un posicionamento a nivel nacional e europeo.						
Actores implicados	<ul style="list-style-type: none"> - Turismo de Galicia - Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. - Universidade de Vigo. 						
Desenvolvemento da acción	<p>O reto prioritario será que o Campus da Auga pase a formar parte da EIP on Water, da Unión Europea, dada a importancia que terá esta nova plataforma en termos de innovación e de orientación da Unión Europea cara a <i>Especialización Intelixente</i>.</p> <p>De modo complementario, recórdase o labor do Campus da Auga na formulación de propostas de termalismo e no desenvolvemento de liñas de investigación. Procurarase que a Universidade, como axente investigador, sexa un dos eixos que permita facer de Ourense un destino diferenciado e innovador, cun protagonismo acorde á calidade e cantidade dos seus recursos termais. Valorarase a posibilidade en exploración polo Mestreado de Turismo de Interior e de Saúde, do centro de Empresariais e Turismo, de crear un grao de Doutor en Termalismo, e unha área de investigación nestas materias, que poderá constituír o cerne do Campus, xunto cos traballos doutros, sinaladamente Ciencias, pero tamén Educación, Dereito, Historia ou Enfermería.</p>						
Orzamento estimado	Master: 20.000 € / ano / Campus Auga: 5.400.000 €						
Calendario de realización	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020

5. PROGRAMA DE ACCIÓNS

L.E.4. COÑECEMENTO TERMAL

PROGRAMA DE ACCIÓN	4.3. Innovación						
Acción	4.3.2. Cosmética Termal						
Descrición	Nos últimos tempos os balnearios comezaron a ofrecer as súas propias marcas cosméticas, a partir da colaboración con laboratorios especializados. Estase a converter nunha nova vía de ingresos para os establecementos termais, con perspectivas de crecemento.						
Actores implicados	<ul style="list-style-type: none"> - Universidade de Vigo. - Axentes privados. 						
Desenvolvemento da acción	<p>A cosmética termal implica que as propiedades presentes nas augas termais se transforman en produtos tanxibles listos para aplicar e comercializar. Deste modo, a cosmética termal convértese nun complemento de gran importancia para o turismo termal; tanto polas súas aplicacións estéticas e reparadoras, como pola súa contribución á creación de imaxe. O turista que visita un balneario e compra un destes produtos, ten un elemento físico que lle recordará a súa experiencia no establecemento, favorecendo a repetición ou recomendación da marca turística (o balneario) e cosmética (o produto).</p> <p>Neste contexto é fundamental contar con ferramentas de investigación que permitan mellorar e especializar o sector dos laboratorios. Por iso propónse apoiar desde todos os ámbitos o desenvolvemento de I+D en cosmética termal. Por outra banda, cosmética orgánica e as súas combinacións coa auga termal, son un camiño a explorar en Ourense e en Galicia, con moitas posibilidades de desenvolvemento.</p>						
Orzamento estimado	A definir, incluído en “Campus Auga”						
Calendario de realización	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020

5. PROGRAMA DE ACCIÓNS

L.E.4. COÑECEMENTO TERMAL

PROGRAMA DE ACCIÓN	4.3. Innovación						
Acción	4.3.3. Moda Termal						
Descrición	Esta proposta suxire un novo campo de investigación, aínda por explorar, sobre as aplicacións dos materiais téxtiles en termalismo. O feito de que na provincia de Ourense se atopen algunhas das empresas téxtiles de referencia, tanto a nivel nacional como internacional, propicia a idea de que o sector da moda ourensá poida ser pioneiro no campo do I+D en "Moda termal".						
Actores implicados	<ul style="list-style-type: none"> - Universidade de Vigo. - Axentes privados. 						
Desenvolvemento da acción	<p>Como liña de investigación impulsárase o estudo das propiedades dos tecidos e de se, mesturados coa práctica termal ou coas propiedades das augas, poden dar lugar a algún proxecto ou produto innovador. No caso de que estas investigación dean os seus froitos, como resultado, poderían deseñarse, por exemplo, liñas de baño específicas para as prácticas termais (calzado, albornoces, traxes de baño, gorro) que combinen moda e termalismo e contribúan á maior eficacia terapéutica posible dos tratamentos. De modo complementario, propónse a creación de novos produtos que dean resposta as necesidades particulares do termalista, como sandalias ou gorros, especificamente deseñados para a práctica termal, estudando novas aplicacións de materiais téxtiles, entre os que podería salientar o liño.</p>						
Orzamento estimado	A definir, incluído en "Campus Auga"						
Calendario de realización	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020

5. PROGRAMA DE ACCIÓNS

L.E.4. COÑECEMENTO TERMAL

PROGRAMA DE ACCIÓN	4.4. Difusión da cultura termal.						
Acción	4.4.1. Biblioteca Alejandra Juno						
Descrición	<p>Luís Rodríguez Míguez, médico, profesor universitario, escritor e especialista en termalismo, conta cunha importante colección de libros e publicacións que xiran en torno a esta temática.</p> <p>Entre outras publicacións destacan: Estudio histórico bibliográfico do termalismo: principais surxencias da provincia de Ourense” (1988); Vila termal (1995); colaboración sobre: As termas e a Clínica Geral no libro publicado a partir do curso de divulgación realizado no complexo termal do Alto Támega (ed: Cámara municipal de Chaves, paxs. 111-131, 1991); Vila termal (“Boletín da Sociedad Española de Hidroloxía Médica”, vol. 6, nº 2 pax. 61-68, 1991); D. Vicente Asuero y Cortazar (“Boletín da Sociedade española de Hidroloxía Médica”, vol. 9, nº 3, paxs. 163-167, 1994); A crenoterapia na dor crónica (en: “A Dor, un enfoque multidisciplinar” Universidade de Santiago de Compostela, 1996); Influencia do termalismo no estrés do ancián (“IV Congreso da Sociedad galega de Xerontoloxía e Xeriatria” paxs. 87-93, 1995).</p>						
Actores implicados	- Concello de Ourense						
Desenvolvemento da acción	<p>Propónse a posta en marcha dunha exposición da súa colección bibliográfica nunha biblioteca aberta ao público, para garantir a súa conservación e colaborar na difusión da cultura termal galega.</p> <p>Como denominación da exposición propónse: “Alejandra Juno” na honra da súa filla, herdeira e propietaria da colección. En canto a súa loclaizaicón, propónse o Centro Cultural de Caixanova, na cidade de Ourense.</p>						
Orzamento estimado	A definir.						
Calendario de realización	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020

5. PROGRAMA DE ACCIÓNS

L.E.4. COÑECEMENTO TERMAL

PROGRAMA DE ACCIÓN	4.4. Difusión da cultura termal.						
Acción	4.4.2. Ourense Film Festival: Sección Termal						
Descrición	O Festival de Cine Internacional de Ourense (OUFF, siglas que pertencen ao acrónimo Ourense Film Festival) naceu en 1996, recuperando unha profunda relación de Ourense co cinema.						
Actores implicados	- Concello de Ourense						
Desenvolvemento da acción	De forma anual, o Ourense Film Festival presenta unha escolla das producións cinematográficas e audiovisuais máis innovadoras e destacadas de Galicia, Europa, América Latina e do resto do mundo. O OUFF recibe cada ano traballos procedentes dun cento de países, cuxo denominador común é a temática comprometida e a innovación nas formas. Como impulso para a cultura termal da provincia, plantéase crear unha sección de cine “termal” que recolla proxeccións ambientadas en instalacións termais ou relacionadas co patrimonio balneario no seu sentido máis amplo (augas, arquitectura, cultura, tradicións...).						
Orzamento estimado	10.000 € / ano						
Calendario de realización	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020

5. PROGRAMA DE ACCIÓNS

CADRO DE SÍNTESE L.E.5. PROMOCIÓN TERMAL

PROGRAMAS DE ACCIÓNS	ACCIÓNS A IMPULSAR
5.1. Estratexia de Marca	5.1.1. Club de produto da auga
5.2.. Comercialización do destino Ourense Provincia Termal	5.2.1. Espacio web no portal Smart Tourism 5.2.2. Termatalia 5.2.3. Día Termal
5.3. Comercialización de novos produtos industriais que creen imaxe de destino	5.3.1. Liña cosmética marca Ourense: Perfume e Equipamento
5.4. Participación en redes e establecemento de alianzas	5.4.1. Club de Vilas Termals 5.4.2. Encontro de European Historic Thermal Tows Association (EHTTA) 5.4.3. Asociación Galega de Vilas Termals 5.4.4. Incorporación a EHTTA da provincia e a CC.AA 5.4.5. Pacto Termal Galego 5.4.6. Pacto Termal Español

5. PROGRAMA DE ACCIÓNS

L.E.5. PROMOCIÓN TERMAL

PROGRAMA DE ACCIÓN	5.1. Estratexia de Marca						
Acción	5.1.1. Club de produto turístico da auga						
Descrición	A auga é un dos elementos endóxenos máis auténticos e diferenciadores de Galicia, sobre a cal se poden articular numerosas experiencias turísticas. Vinculados á auga está o turismo termal, os ríos, as rías, as praias, os deportes acuáticos (náutica, pesca, surf, piragüismo, etc.), a chuva, o turismo mariñeiro, etc. Con esta acción búscase organizar unha oferta baseada en todas as actividades que se poden realizar en contacto coa auga de Galicia, sempre desde a sensibilización en canto ao seu uso responsable e sostible durante todo o ano						
Actores implicados	Turismo de Galicia.						
Desenvolvemento da acción	Estableceranse os requisitos de pertenza ao Club de Produto. Estableceranse para cada tipoloxía de empresa/entidade turística, con fincapé na relación directa e respectuosa coa auga, e se recollerá no manual de produto. Procederáse á sensibilización e captación de membros, verificación de cumprimento e incorporación ao club. Ademais, levarase a cabo o deseño, promoción e apoio á comercialización de programas de experiencias turísticas relacionadas coa auga. Combinando recursos hídricos con establecementos, servizos e actividades turísticas, culturais e deportivas.						
Orzamento estimado	40.000 € / 1º ano; 20.000 €/otros años						
Calendario de realización	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020

5. PROGRAMA DE ACCIÓNS

L.E.5. PROMOCIÓN TERMAL

PROGRAMA DE ACCIÓN	5.2. Comercialización do destino Ourense Provincia Termal						
Acción	5.2.1. Espazo Web no Smart Tourism						
Descrición	Esta proposta susténtase na necesidade de difundir os atractivos de Ourense (infraestruturas termais, hoteis con Spa, Paradores, adegas...), perfilar a súa imaxe como destino termal, e dispor dunha base para poder estruturar ofertas enfocadas a segmentos específicos do mercado, así como integrar o conxunto da oferta en promoción cruzada (viño, moda, etc).						
Actores implicados	<ul style="list-style-type: none"> - Turismo de Galicia - Deputación de Ourense - Concellos - Axentes privados 						
Desenvolvemento da acción	<p>O deseño do Espacio Web no Smart Tourism contemplaríanse tanto o B2B (business to business, enfocado ao maiorista) como o B2C (business to consumer, enfocado ao cliente final). Valorarase establecer acordos de colaboración con entidades especializadas do sector para desenvolver as seguintes actuacións:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Confeccionar o espazo web para a campaña, en galego, castelán, inglés e portugués. • Derivación das reservas desde algún outro motor de buscas, tarifando as reservas. • Posicionamento en SEM da páxina para obter a través de Google reservas habituais doutros portais. • Campaña de e-marketing a axencias de viaxes e ao cliente final español, vinculada á páxina web, cun plan de marketing anual no que poderían implicarse todos os establecementos, ofrecendo tanto os seus paquetes específicos como os produtos turísticos combinados. • Introducción dos packs xerais creados para o espazo web e para a campaña dentro do sistema de distribución B2B nacional e internacional da empresa especializada. • Representación en feiras. • De modo complementario incluírse unha campaña de lanzamento en RRSS e unha presentación en Madrid, Barcelona, Lisboa, A Coruña e Vigo. 						
Orzamento estimado	A definir						
Calendario de realización	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020

5. PROGRAMA DE ACCIÓNS

L.E.5. PROMOCIÓN TERMAL

PROGRAMA DE ACCIÓN	5.2. Comercialización do destino Ourense Provincia Termal						
Acción	5.2.2. Termatalia						
Descrición	Termatalia tense posicionado mundialmente como unha Marca recoñecida e de prestixio para os profesionais do sector, e serve de vehículo para promocionar Ourense e Galicia como destino termal de referencia por unha banda, e por outra banda a calidade das empresas fornecedoras de equipamentos, tecnoloxía, formación especializada, ademais da participación activa das tres universidades galegas.						
Actores implicados	- Turismo de Galicia.						
Desenvolvemento da acción	<p>Termalia conta con Xornadas Técnicas definidas como Encontro Internacional sobre Auga e Termalismo, cunha Bolsa de Contratación Turística especializada con maioristas de viaxes e oferta hoteleira vencellada ao turismo de saúde e benestar. O capital relacional que xenera ao entrar en contacto profesionais de diversos países de Europa e América Latina que comparten interese no desenvolvemento do sector Turismo de Saúde en xeral, e no termalismo en particular. O recoñecemento da marca Termatalia podería aproveitarse como elemento tractor para a promoción do destino Ourense, provincia e Galicia Termal, identificando accións de interese para o conxunto do sector, que poidan ser executadas tanto no marco da feira coma fora de ela, dun xeito coordinado, ben no mercado nacional ou internacional. Impulsarase a organización, durante a semana ou a quincena de Termatalia, dun programa de formación de carácter profesional moi especializada en colaboración coas Universidades co fin de atraer os profesionais de países estranxeiros, fundamentalmente de América Latina para que alonguen a súa estada e posicionar así Ourense coma referencia de coñecemento no sector. Involucrarase á Secretaría de Estado de Turismo para que aproveite a sinerxia de Termatalia na promoción de España coma destino de turismo de saúde e benestar, que ten a súa capital en Ourense- Galicia. Apostarase tamén polo turismo de proximidade, e para impulsar accións de sensibilización dos distintos colectivos que poden xogar un papel importante no desenvolvemento do sector e actuar coma prescriptores (profesionais do sector médico, entre outros) unha vez que a feira conta con motores coma o Centro Termal e o Bar de Augas entre outros, e as instalacións admiten a organización de múltiples eventos paralelos.</p>						
Orzamento estimado	50.000 € / ano						
Calendario de realización	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020

5. PROGRAMA DE ACCIÓNS

L.E.5. PROMOCIÓN TERMAL

PROGRAMA DE ACCIÓN	5.2. Comercialización do destino Ourense Provincia Termal						
Acción	5.2.3. Día Termal						
Descrición	Proponse o día 22 de marzo coma Día Termal, coincidindo co Día Mundial da Auga						
Actores implicados	<ul style="list-style-type: none"> - INORDE - Concellos - Axentes privados - Vilas Termais 						
Desenvolvemento da acción	<p>Este día a auga é a protagonista, os medios de comunicación nacionais e internacionais fanse eco de noticias relacionadas con ela, e o feito de que Ourense aporte un elemento diferenciador dentro da temática pode ser unha interesante estratexia de publicidade, a través da cal o termalismo de Ourense terá repercusión nos medios por ser noticia, e non por estar realizando unha publicidade directa.</p> <p>Celebrarase un día de portas abertas nos establecementos termais, no que se poderán visitar as instalacións e asistir a xornadas e actividades que xiren en torno ó termalismo e ós beneficios das augas mineromedicinais.</p> <p>Estas xornadas serán gratuítas, pero os interesados deberán inscribirse mediante un formulario que se habilitará nas datas correspondentes.</p>						
Orzamento estimado	60.000 €/ ano						
Calendario de realización	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020



5. PROGRAMA DE ACCIÓNS

L.E.5. PROMOCIÓN TERMAL

PROGRAMA DE ACCIÓN	5.3. Comercialización de novos produtos industriais que creen imaxe de destino						
Acción	5.3.1. Liña cosmética marca Ourense: Perfume e Equipamento.						
Descrición	Desenvolverase a liña de cosmética marca “Aqua Auriensis” realizada cos minerais e os oligoelementos característicos das augas termais da provincia, outra liña orientada aos perfumes e unha liña de produtos baseado na cultura termal da provincia.						
Actores implicados	- Axentes privados						
Desenvolvemento da acción	<p>A liña de cosmética marca “Aqua Auriensis” que conterá minerais e oligoelementos característicos das augas termais da provincia, responderá de forma científica e natural ás necesidades de todos os tipos de peles. A nova liña cosmética orientada ós perfumes realizados a base de auga termal. O desenvolvemento destes produtos innovadores fai necesario abrir un novo campo de investigación centrado nesta materia, e a súa combinación co estudo das propiedades das plantas medicinais. Deste xeito a imaxe de Ourense asociaríase ós conceptos de termalismo e innovación, en establecementos de todo o panorama nacional e internacional.</p> <p>Estes produtos, que poderán comercializarse nos establecementos termais, contribuirán a constituír unha imaxe de marca que identifique a provincia como un destino termal.</p> <p>Esta é a liña de marketing da que partiu inicialmente Aqua Auriensis no desenvolvemento dos seus produtos cosméticos realizados con auga termal e ouro.</p> <p>A idea parte de que se reciban impactos da imaxe de Ourense cada vez que se usen os produtos, espertando o interese do usuario por visitar de novo a provincia.</p>						
Orzamento estimado	Cosmética: 50.000 € / Perfume: 50.000 € / Equipamento: 50.000 € (Pendente financiación)						
Calendario de realización	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020

5. PROGRAMA DE ACCIÓNS

L.E.5. PROMOCIÓN TERMAL

PROGRAMA DE ACCIÓN	5.4. Participación en redes e establecemento de alianzas						
Acción	5.4.1. Club de Vilas Termais						
Descrición	A proposta de crear un Club de Vilas Termais parte da oportunidade que supoñen os esforzos da feira Termatalia para atraer destinos turísticos termais ao evento						
Actores implicados	<ul style="list-style-type: none"> - Concello de Ourense - TurEspaña - Vilas Termais 						
Desenvolvemento da acción	Este Club estará aberto á participación de todas as cidades. Proponse o papel de Ourense como conector e o uso desta nova asociación como plataforma de intercambio de funcionarios, empresarios, estudantes e cultura termal, coa base do Congreso Ou 2011.						
Orzamento estimado	10.000 € /ano (Pendente financiación)						
Calendario de realización	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020

5. PROGRAMA DE ACCIÓNS

L.E.5. PROMOCIÓN TERMAL

PROGRAMA DE ACCIÓN	5.4. Participación en redes e establecemento de alianzas						
Acción	5.4.2. Encontro de European Historic Thermal Towns Association (EHTTA)						
Descrición	Os encontros de Vilas Termais foron o marco no que xurdiu a EHTTA. Proponse participar activamente nos encontros da mesma co obxecto de establecer lazos cos diferentes membros, potenciar novos proxectos comúns, posicionar o turismo termal galego, etc.						
Actores implicados	<ul style="list-style-type: none"> - Concello de Ourense - Vilas Termais 						
Desenvolvemento da acción	Con independencia de que se poida celebrar durante os días de Termatalia, valorarase que a súa xestión estea a cargo do Concello de Ourense, e se resalte a conectividade con centros termais de referencia na súa orixe histórica e nos seus valores termais. Os esforzos destes encontros deberían centrarse non só no campo da promoción, senón tamén no campo dos investimentos.						
Orzamento estimado	12.000 € / 3 anos						
Calendario de realización	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020

5. PROGRAMA DE ACCIÓNS

L.E.5. PROMOCIÓN TERMAL

PROGRAMA DE ACCIÓN	5.4. Participación en redes e establecemento de alianzas						
Acción	5.4.3. Asociación Galega de Vilas Termais						
Descrición	A reactivación da Asociación constituída con anterioridade.						
Actores implicados	<ul style="list-style-type: none"> - Turismo de Galicia. - FEGAMP - Vilas termais 						
Desenvolvemento da acción	Esta asociación chegou a preconstituírse, pero na actualidade está inactiva. Aproveitando a oportunidade que supón a presidencia galega da Asociación de Villas Termales de España, proponse reactivala e atribuírlle a responsabilidade de establecer un Pacto Termal Galego.						
Orzamento estimado	20.000 € (Pendente financiación)						
Calendario de realización	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020

5. PROGRAMA DE ACCIÓNS

L.E.5. PROMOCIÓN TERMAL

PROGRAMA DE ACCIÓN	5.4. Participación en redes e establecemento de alianzas						
Acción	5.4.4. Incorporación ao Itinerario Cultural Europeo EHTTA da provincia e a comunidade autónoma de Galicia.						
Descrición	Incorporarase a esta asociación a Deputación de Ourense e a comunidade autónoma de Galicia.						
Actores implicados	<ul style="list-style-type: none"> - Turismo de Galicia - Deputación de Ourense 						
Desenvolvemento da acción	Actualmente só a cidade de Ourense pertence a esta asociación, o que motiva a necesidade de incorporar como membros tanto á provincia de Ourense como á comunidade autónoma de Galicia, en especial polos proxectos da EHTTA no Itinerario Cultural.						
Orzamento estimado	6.000 € /ano (Pendente financiación)						
Calendario de realización	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020

5. PROGRAMA DE ACCIÓNS

L.E.5. PROMOCIÓN TERMAL

PROGRAMA DE ACCIÓN	5.4. Participación en redes e establecemento de alianzas						
Acción	5.4.5. Pacto Termal Galego						
Descrición	Realizar un acordo entre as Vilas Termas de Galicia, as Deputacións, e a Xunta.						
Actores implicados	<ul style="list-style-type: none"> - Turismo de Galicia - Asociación de Vilas termas 						
Desenvolvemento da acción	Valorarase a firma dun acordo entre as Vilas Termas de Galicia, as Deputacións, e a Xunta, no que as Vilas Termas comprométanse a cumprir as condicións sinaladas no informe do ano 2000 relativo a Vilas Termas, as Deputacións a mellorar a accesibilidade, e a Xunta a aportar axuda financeira para os equipamentos e servizos públicos .						
Orzamento estimado	20.000 € (Pendente financiación)						
Calendario de realización	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020



5. PROGRAMA DE ACCIÓNS

L.E.5. PROMOCIÓN TERMAL

PROGRAMA DE ACCIÓN	5.4. Participación en redes e establecimiento de alianzas						
Acción	5.4.6. Pacto Termal Español						
Descripción	Realizar un acordo entre as Vilas Termais e os organismos correspondentes da administración a nivel nacional.						
Actores implicados	<ul style="list-style-type: none"> - TurEspaña - Asociación de Vilas termais 						
Desenvolvemento da acción	Valorarase exportar a nivel nacional, a proposta de Pacto Termal. Suxírese a oportunidade que supón o congreso de Villas Termales que se celebrará, na Toxa, en O Grove en 2014 para poñer en marcha esta actuación.						
Orzamento estimado	20.000 € (Pendente financiación)						
Calendario de realización	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020

6. ANEXO:

Outras propostas no marco das liñas estratéxicas



6. ANEXO: OUTRAS PROPOSTAS NO MARCO DAS LIÑAS ESTRATÉXICAS

A continuación móstranse outras accións propostas no marco das liñas estratéxicas , que en caso de obter financiamento e a corresponder a outras entidades públicas ou privadas, e que conformarían unha boa complementariedade á hora de acadar os obxectivos do **Plan de Turismo Termal para a provincia de Ourense**.



6. ANEXOS

L.E.1. PLANIFICACIÓN TERMAL

PROGRAMA DE ACCIÓN	1.6. Coordinación na xestión do Turismo Termal
Acción	Promover Imserso UE
Descrición	<p>Os recursos termais e o fenómeno Balneario constituíron o primeiro Turismo de masas organizado. Este fenómeno estendeuse por igual por todo o territorio europeo, alí onde había recursos termais de interese, e capital para levalo a cabo, creando unha rede de vilas termais, que converteron ao Continente, nun continente termal, e ao termalismo nun modelo europeo, que cando se traslada fóra se sigue a chamar “termalismo á europea”.</p> <p>Ademais, a actual configuración poboacional do territorio europeo, cunha maioría cada vez máis pronunciada de maiores de 50 anos, con saúde e pensións para desfrutar do seu tempo libre, fan deste sector un ámbito con grandes capacidades económicas, como vén a recoñecer o ultimo informe de Turismo da Comisión “Enhancing the competitiveness of Tourism in the UE”.</p> <p>Recentemente desapareceu o Eurosenior, o programa europeo análogo ao Imserso español. Este programa facilitaba vacacións subvencionadas para europeos maiores de 55 anos residentes en República Checa, Polonia, Bulgaria, Romanía, Lituania e Eslovaquia, a distintas ubicacións españolas, nas que Galicia non estaba incluída.</p> <p>Na actualidade, estase a desenvolver o Programa Senior Europa, que funciona sen ningún tipo de subvención europea. Atópase xestionado por Segittur, unha sociedade pública que colabora cos destinos para crear a oferta e buscar enlaces coa demanda.</p> <p>Neste programa participan todas a nacións, incluso as de maior poder adquisitivo, e está orientado a fomentar a ocupación en tempada baixa. É importante traballar para que Galicia, e en concreto Ourense, asuma un papel relevante dentro da oferta de destinos termais españois.</p> <p>Por todo o antedito pensamos que se debe traballar a nivel UE, en todo los ámbitos da acción política e administrativa, para implantar un novo modelo de turismo termal senior en Europa.</p>
Actores implicados	<ul style="list-style-type: none">- Unión Europea- Ministerio de Sanidade- Xunta de Galicia

6. ANEXOS

L.E.1. PLANIFICACIÓN TERMAL

PROGRAMA DE ACCIÓN	1.6. Coordinación na xestión do Turismo Termal						
Acción	Promover Imserso UE						
Orzamento estimado	450.000 € (Pendente financiación)						
Calendario de realización	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020



6. ANEXOS

L.E.2. INFRAESTRUTURAS TERMAIS

PROGRAMA DE ACCIÓN	2.1. Rehabilitación e adecuación de infraestruturas existentes						
Acción	Cuberta lixeira: Piscina Termal de As Burgas						
Descrición	A piscina termal recentemente creada en As Burgas ubícase nun espazo sensible e prioritario da cidade. O esforzo de creación deste centro termal non se ve recompensado coa demanda esperada. Resulta preciso recualificar esta experiencia termal, e para iso propoñemos xerar un ambiente de baño máis íntimo, cubrindo esta Piscina Termal mediante unha cuberta lixeira de vidro.						
Actores implicados	- Concello de Ourense						
Desenvolvemento da acción	Este sistema desmontable, que establece un diálogo coas pérgolas instaladas na parte superior, non afectaría á vista do entorno patrimonial dende o interior da piscina. Deste xeito, a creación dunha sensación máis acolledora, permitiría aumentar a demanda e o uso do establecemento. Achégase unha imaxe como suxestión de presentación. Esta proposta coordínase coa proposta 2.1.9 Apertura da Ponte Murallón, de xeito que con esta obra as perspectivas dende a Piscina, permitirían recuperar a orixinal conexión coa Ribeira do Barbaña, a rehabilitar co proxecto “ANABAR” AI-7, e coa gran instalación termal da cidade AUGA AURIA.						
Orzamento estimado	120.000 € (Pendente financiación)						
Calendario de realización	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020

6. ANEXOS

L.E.2. INFRAESTRUTURAS TERMAIS

PROGRAMA DE ACCIÓN	2.1. Rehabilitación e adecuación de infraestructuras existentes						
Acción	Aumento da capacidade da oferta de Verín: Balneario de Cabreiroá						
Descrición	A partir da análise dos datos incluídos no Diagnóstico e das conclusións das entrevistas mantidas, detéctase que Verín posúe unha moi reducida capacidade para a celebración de eventos, a pesares da dinámica da zona e dos requirimentos dun territorio de fronteira coma este.						
Actores implicados	- Cabreiroá						
Desenvolvemento da acción	Propónse a rehabilitación do hotel balneario de Cabreiroá e a recuperación do seu parque termal, para a creación dun Gran Hotel Balneario. Trátase de rehabilitar o edificio existente, e complementalo con novas instalacións, dando como resultado un centro termal baseado na cura hidropínica e nas súas aplicacións para o deporte e a vida saudable, nunha nova forma contemporánea, de saúde e benestar, así como un aloxamento experiencial é “único”, en torno á historia, ós recursos do lugar.						
Orzamento estimado	12.600.000 € (Pendente de financiación)						
Calendario de realización	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020

6. ANEXOS

L.E.2. INFRAESTRUTURAS TERMAIS

PROGRAMA DE ACCIÓN	2.1. Rehabilitación e adecuación de infraestruturas existentes						
Acción	Apertura da Ponte- Murallón.						
Descrición	<p>No 2014 cúmprense 100 anos do deseño do xardín da Burga de Abaixo. A mellor contribución para conmemorar o seu centenario sería a apertura da área termal de As Burgas cara as novas áreas termais e os equipamentos balnearios da área de intervención AI10 (Auga Auria). Para iso a proposta agora valorada por un experto local (D. Manuel Durán, Enxeñeiro de camiños, canles e portos) e promovida por outros colectivos, consistiría en eliminar os dous soportes centrais da ponte-murallón coa finalidade de facilitar a integración urbanística de ámbalas dúas areas termais, e permitir a conexión visual coa ribeira do Barbaña, a rehabilitar co proxecto ANABAR AI7.</p>						
Actores implicados	- Concello de Ourense						
Desenvolvemento da acción	Para iso a proposta agora valorada por un experto local (D. Manuel Durán, Enxeñeiro de camiños, canles e portos) e promovida por outros colectivos, consistiría en eliminar os dous soportes centrais da ponte-murallón coa finalidade de facilitar a integración urbanística de ámbalas dúas areas termais, e permitir a conexión visual coa ribeira do Barbaña, a rehabilitar co proxecto ANABAR AI7.						
Orzamento estimado	2.000.000 (Pendente financiación)						
Calendario de realización	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020

6. ANEXOS

L.E.2. INFRAESTRUTURAS TERMAIS

PROGRAMA DE ACCIÓN	2.2. Creación de novas infraestruturas sostibles						
Acción	Centro de Congresos e Wellness: Ourense.						
Descrición	Co fin de completar a oferta termal da cidade de Ourense propónse a creación dun Centro de Congresos e Wellness no ámbito do APR 02N, habilitando un acceso adecuado que se integre co boulevard termal recollido no Proxecto Urbano: Ourense Ribeira Termal. É preciso lembrar que esta ubicación está directamente relacionada coa estación do AVE, funcionando como porta de entrada á cidade.						
Actores implicados	<ul style="list-style-type: none"> - Concello de Ourense - Entidades privadas 						
Desenvolvemento da acción	<p>Por outra banda, os terreos nos que se desenvolve esta actuación son de propiedade pública o que permitiría unha xestión urbanística directa pola Administración, unha vez resolta a nova localización do matadeiro municipal, en proceso de resolución, e logo dun concurso de explotación.</p> <p>Deste xeito cubriríanse dous sectores importantes do turismo: o de eventos (convencións, congresos e reunións) e o de benestar e relaxación.</p> <p>Esta actuación favorecería a atracción doutras tipoloxías de turistas, e potenciaría o desenvolvemento económico e a consolidación dunha imaxe de marca para a cidade.</p>						
Orzamento estimado	37.000.000 € (Pendente financiación, previsto posterior 2020)						
Calendario de realización	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020

6. ANEXOS

L.E.2. INFRAESTRUTURAS TERMAIS

PROGRAMA DE ACCIÓN	2.2. Creación de novas infraestruturas sostibles						
Acción	Thermal Health Center: Ourense.						
Descrición	Propónse a creación dun Centro de Saúde Termal, que podería ubicarse na área API 01N (coincidente co antigo Balneario das Caldas), ou na área AR 36N (Campo de Santiago).						
Actores implicados	- Axentes privados						
Desenvolvemento da acción	<p>Esta actuación é unha oportunidade de aproveitamento das propiedades terapéuticas das augas mineromedicinais da zona, cuxos beneficios para a saúde aparecen analizados no diagnóstico deste documento. Este Centro consolidaría o turismo de saúde dentro da cidade, e abriría as portas ó fenómeno global do turismo médico.</p> <p>O obxectivo é aproveitar as potencialidades das augas e dos terapeutas de Ourense, para entrar directamente no mercado do servizos médicos e paramédicos con auga termal, na rehabilitación, nos tratamentos de enfermidades crónicas e nos chequeos de saúde.</p> <p>Asemade, sería o espazo e o entorno axeitado para dedicarse á investigación e a crear novos produtos con base de auga termal.</p>						
Orzamento estimado	35.000.000 € (Pendente financiación, previsto executar con posterioridade ao 2020)						
Calendario de realización	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020

6. ANEXOS

L.E.2. INFRAESTRUTURAS TERMAIS

PROGRAMA DE ACCIÓN	2.2. Creación de novas infraestruturas sostibles						
Acción	As Caldeliñas: Verín.						
Descrición	Proponse a rehabilitación e aproveitamento turístico termal deste recurso patrimonial.						
Actores implicados	- Concello de Verín						
Desenvolvemento da acción	<p>O concello de Verín é posuidor do único balneario da contorna con augas termais. Hoxe este edificio é un magnífico contedor pétreo ubicado preto do Hospital no límite da zona urbana.</p> <p>O Balneario de Caldeliñas atópase incluído dentro do Sistema Local de Espazos Libres, Dotacións e Infraestruturas do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Verín, como un Equipamento Turístico (E-06).</p> <p>O edificio está incluído no catálogo municipal coa referencia A006. Conta cunha protección estrutural, formado parte dos elementos a protexer os elementos pétreos senlleiros e os enfoscados e pintados.</p> <p>Consta de dúas edificacións: unha, ó pé da estrada, na que están os mananciais e na que había tres piscinas para baños colectivos, os vestiarios e un depósito de almacenamento da auga para o outro edificio. A outra, máis no interior da parcela, era un belido edificio de perpiaño abuxardado, rectangular, duns 22 metros de fronte por 30 metros de fondo. Tiña un fermoso pórtico e constaba de dúas alas laterais para os baños, unha para cada sexo. A zona do fondo estaba destinada ós servizos complementarios de hidroterapia: duchas, chorros, inhalacións, etc.</p> <p>Propoñemos retomar para unha primeira fase, un proxecto preexistente, consistente na rehabilitación do conxunto edificado como centro termal sen aloxamento, contando co acondicionamento do seu entorno. Nunha segunda fase futura e con máis terreos a disposición poderíase estudar o aloxamento.</p> <p>Esta instalación permitiría, con outras medidas suxeridas nese Plan, dunha banda consolidar a oferta termal da Eurocidade, e promover a renovación e mellora hoteleira, así como recuperar a tempada de apertura do parador.</p>						
Orzamento estimado	1.600.000 € (Pendente financiación)						
Calendario de realización	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020

6. ANEXOS

L.E.2. INFRAESTRUTURAS TERMAIS

PROGRAMA DE ACCIÓN	2.2. Creación de novas infraestruturas sostibles						
Acción	Caldas de Pedra: Río Miño						
Descrición	Co obxectivo de mellorar e cualificar o nutrido sistema Termal do río Miño plantéxase a posibilidade de crear un Parque Acuático Termal na súa ribeira.						
Actores implicados	- Axentes privados						
Desenvolvemento da acción	<p>Partindo da idea de sustentabilidade e de restauración ambiental, este novo complexo podería situarse nalgunha das canteiras que se atopan nas marxes do río, e que hoxe parecen abandonadas, integrando estes terreos na paisaxe orixinal.</p> <p>Esta intervención, ideada para todas as idades, complementará a oferta turística termal da zona, que cubrirá o campo de relaxación lúdico-recreativo.</p> <p>A gran carga paisaxística do entorno e uso racional dos recursos deberían ser os principais elementos estruturantes do proxecto.</p> <p>Para optimizar a súa xestión a súa apertura podería ser temporal ou estacional.</p>						
Orzamento estimado	2.500.000 € (Pendente financiación)						
Calendario de realización	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020

6. ANEXOS

L.E.2. INFRAESTRUTURAS TERMAIS

PROGRAMA DE ACCIÓN	2.2. Creación de novas infraestruturas sostibles						
Acción	Aldea termal: Muíños.						
Descrición	<p>No concello de Muíños tense prevista a construción dunha aldea termal, en torno ao encoro no complexo turístico-deportivo de "O Corgo".</p> <p>Esta proposta intégrase coa actuación da Aquiscaldas de Bande, xa que está prevista a construción dunha ponte que conecte ámbalas dúas instalacións, dando lugar a un complexo de ocio en torno ao encoro, enriquecido coa oferta cultural de Aquis Querquernis e Santa Comba.</p>						
Actores implicados	<ul style="list-style-type: none"> - Concello de Muíños - Confederación Hidrográfica do Miño-Sil 						
Desenvolvemento da acción	<p>Esta proposta intégrase coa actuación da Aquiscaldas de Bande, xa que está prevista a construción dunha ponte que conecte ámbalas dúas instalacións, dando lugar a un complexo de ocio en torno ao encoro, enriquecido coa oferta cultural de Aquis Querquernis e Santa Comba.</p>						
Orzamento estimado	1.200.000 € (Pendente financiación)						
Calendario de realización	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020

6. ANEXOS

L.E.2. INFRAESTRUTURAS TERMAIS

PROGRAMA DE ACCIÓN	2.3. Acondicionamento dos entornos das infraestruturas termais						
Acción	Parque Termal de O Carballiño Vila Termal.						
Descrición	O Balneario de O Carballiño atópase integrado no parque municipal do río Arenteiro, en pleno Ribeiro Termal. Este parque funciona como eixo vertebrador dos espazos e construcións máis representativos do lugar: o Gran Balneario, a residencia de Tempo Libre, as zonas de xogo infantís, o quiosco da música, o futuro Museo da Fábrica de Papel, os espazos rehabilitados dos muíños das Lousas e de Anxo, o cámping municipal, a piscifactoría e a súa área de esparcemento, etc. Neste espazo ribeirán podería integrarse tamén o Bañiño de Arcos.						
Actores implicados	<ul style="list-style-type: none"> - Deputación de Ourense - Concello de Carballiño 						
Desenvolvemento da acción	<p>Proponse unha acción de mellora e recualificación do parque, que contemple actuacións puntuais de saneamento, equipamento e rexeneración forestal, así como resolver os cruces viarios e a accesibilidade do recorrido, para conquistar unha gran senda termal dende o Bañiño, que pasando polo Parque nos comunique con Caldas de Partovia, a través de vías históricas, estudando incluso a conexión coa Rañoa, o que permitiría pechar o círculo termal.</p> <p>Asemade, proponse realizar un estudo de viabilidade sobre a posibilidade de crear unha piscina ou instalación lúdica no entorno do parque e relacionada coa residencia de Tempo Libre, ou como alternativa a reconversión da Fábrica de papel, e a posibilidade de propoñer tratamentos combinados de auga termal e celulosa de papel.</p>						
Orzamento estimado	1.200.000 € (Pendente financiación)						
Calendario de realización	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020

6. ANEXOS

L.E.3. PRODUTOS TERMAIS

PROGRAMA DE ACCIÓN	3.2. Produtos turísticos a desenvolver no medio/longo prazo						
Acción	Produtos turísticos termais de fronteira.						
Descrición	<p>A maiores dos produtos anteditos, pensamos que tería grande interese o desenvolvemento de produtos turísticos conxuntos, co veciño Portugal.</p> <p>É preciso lembrar que temos máis de 200 kms de fronteira, o que converte a Ourense nun dos territorios fronteirizos por excelencia, e que compartimos con Portugal recursos máis aló do termal: parque Nacional, ríos, viño, camiños de Santiago, etc.</p>						
Actores implicados	<ul style="list-style-type: none"> - Eurocidade Verín Chaves - Concellos 						
Desenvolvemento da acción	<p>O feito de que teñamos balnearios replicados en ámbolos dous lados da fronteira, en varios casos con instalacións recentes e de gran calidade na beira portuguesa, que puideran combinar con oferta complementaria, adegas, ou cos paradores, na española, farían posible produtos moi atractivos.</p> <p>Ademais existen empresas operadoras galegas xa manexando establecementos portugueses caso de Tesal (en Monção, Vizela), ou cadeas internacionais que facilitarían paquetes ou produtos concretos.</p> <p>Dende o punto de vista da paquetización e comercialización, existen outras complexidades que precisarán dunha análise máis detida.</p>						
Orzamento estimado	A definir						
Calendario de realización	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020

6. ANEXOS

L.E.3. PRODUTOS TERMAIS

PROGRAMA DE ACCIÓN	3.2. Produtos turísticos a desenvolver no medio/longo prazo						
Acción	Outros produtos termais						
Descrición	O abano de posibilidades termais é tan amplo, que este estudo recoñécese incapaz de subliñalos todos, mais no ánimo de estimular aos operadores termais (cada un coas súas especiais características e oferta); contribuír ao obxectivo do estudo de termalizar a sociedade ourensá, (50% da poboación como usuarios termais no 2015, 100% en 2020); e xerar actividade e estímulo á comercialización nas redes, propoñemos outras alternativas:						
Actores implicados	- A definir						
Desenvolvemento da acción	<ul style="list-style-type: none"> • Aquis Baths • The Roman Bath • Wedding anniversaries • Cumpleanos termais • Termalismo accesible (cegos, sordos...) • Mum's weekends • Father's weekends • Companies weekends • Digital Detox • Xenómica (telomeros,..) 						
Orzamento estimado	A definir						
Calendario de realización	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020

6. ANEXOS

L.E.4. COÑECEMENTO TERMAL

PROGRAMA DE ACCIÓN	4.1. Formación						
Acción	Formación operacional: Hotel-Escola Termal						
Descrición	A creación do Hotel –Escola Termal resulta dunha proposta do proxecto da Eurorrexión Termal e da Auga, que foi aprobado polo Programa Operativo de Cooperación Transfronteiriza España Portugal (POCTEP) e conta entre as súas actuacións a creación do Centro de Formación Turístico-Termal e de Investigación da Auga. Este Centro terá dúas sedes: unha en Verín (Hotel-Escola Termal) e outra en Vidago (Balneario Escola e Laboratorio de Investigacións Termais e da Auga).						
Actores implicados	- Concello de Verín						
Desenvolvemento da acción	A Creación do Hotel –Escola Termal resulta unha iniciativa que require de financiamento público, por parte do concello de Verín, e privado, polo que estará condicionado por esta circunstancia. Nos últimos anos realizáronse varios intentos de levalo a cabo, pero a falta de recursos económicos, fai que o proxecto continúe en fase de aprazamento, ata que as condicións sexan máis favorables. Por este motivo propónse que os fondos europeos se destinen a rematar a senda que comunica Verín e Chaves , e ao acceso á planta industrial de Cabreiroá. Estas accións permitirían mellorar o entorno e contribuír á creación de produto turístico.						
Orzamento estimado	13.776.000 € (Pendente de financiación, previsto executar con posterioridade ao 2020)						
Calendario de realización	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020

6. ANEXOS

L.E.4. COÑECEMENTO TERMAL

PROGRAMA DE ACCIÓN	4.2. Investigación						
Acción	Xeotermia						
Descrición	A enerxía xeotérmica ten en Ourense un dos seus maiores aliados, polas características dos seus solos e das súas augas. Este sector conta xa cun grao importante de desenvolvemento e con axentes de referencia. Resulta de especial interese a aplicación da xeotermia en balnearios, hoteis e spas, polo aforro enerxético que supón ao sector, e como mostra da capacidade competitiva e innovadora das empresas de xeotermia ourensás. Cabe esperar que sexan priorizadas no marco da especialización intelixente que marca o RIS.						
Actores implicados	<ul style="list-style-type: none"> - Asociación de Balnearios de Galicia - Universidade 						
Desenvolvemento da acción	<p>De modo complementario, as investigación sobre a xeotermia irán acompañadas por estudos sobre a compatibilidade das actividades, que garantan que non hai riscos para os acuíferos.</p> <p>Por outra banda, recoñecendo os custos enerxéticos como os máis comprometedores para a viabilidade dun establecemento turístico, xunto cos de persoal, impulsarase a implantación da xeotermia nos establecementos ourensás, primeiro termais e logo hoteleiros en xeral, como forma ademais de recualificación ambiental e caracterización da sostibilidade na oferta.</p>						
Orzamento estimado	A definir						
Calendario de realización	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020

6. ANEXOS

L.E.4. COÑECEMENTO TERMAL

PROGRAMA DE ACCIÓN	4.4. Difusión da cultura termal.						
Acción	Museo Vázquez Gulías						
Descrición	Co fin de fomentar a oferta cultural termal da cidade de Ourense propónse crear un Museo en homenaxe ó arquitecto ourensá Daniel Vázquez-Gulías (1869-1937), autor da Casa de Baños de Outeiro, da Casa de Baños de Carballiño e do Balneario de Cabreiroá en Verín, entre outros. Conta na súa traxectoria profesional, que xustifica a realización desde museo, abundantes mostras de arquitectura relixiosa e unha importante contribución ó urbanismo e á transformación da cidade de Ourense, a través dos encargos que lle realizaba a burguesía da época.						
Actores implicados	- Concello de Ourense						
Desenvolvemento da acción	<p>Valorarase como localización do Museo Vázquez Gulías o conxunto edificado do Santo Anxo, situado na rúa Ervedelo do barrio do Couto. O edificio naceu por iniciativa da marquesa de Atalaia Bermeja, dona Ángela Santamarina Alducín. Os planos do Asilo Santamarina-Temes foron encargados ó arquitecto municipal e, máis tarde diocesano, Daniel Vázquez Gulías Martínez, colaborando con el na parte de deseño, Jesús Soria, profesor de Debuxo do Instituto. As obras foron contratadas ó mestre construtor Manuel Amor Fernández, ó canteiro-escultor Cabanelas e ós pedreiros Sergio Caride e Jesús Vidal.</p> <p>O edificio foi inaugurado o 2 de xuño de 1925, nun solemne acto relixioso que foi amplamente recollido pola prensa da época. No edificio existía unha sala dedicada a biblioteca e outra na que se instalaría o primeiro museo privado de Galicia, que contería as pezas de arte familiares e a colección de Sargadelos. Tamén contaba cunha habitación destinada a recepcións oficias e aloxamento de visitantes ilustres.</p> <p>Na actualidade á Fundación Santamarina, representada polo Patronato do Santo Anxo, é a depositaria da propiedade. O edificio comparte parcela co colexio concertado do Santo Anxo, xestionado polas irmás Calasancias, que ocupan tamén parte das estancias.</p> <p>O Concello de Ourense iniciou os traballos relacionados con esta proposta mediante a redacción do anteproxecto para O Museo Vázquez Gulías, e o proxecto básico e de execución de mellora do entorno do edificio Santo Anxo.</p>						
Orzamento estimado	1.950.000 € (Pendente financiación)						
Calendario de realización	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020

7. ORZAMENTO ESTIMADO

7. ORZAMENTO ESTIMADO

Orzamento do Plan termal por Líña Estratégica:

ORZAMENTO DO PLAN TERMAL 2014-2020	
Liña Estratégica	Orzamento estimado
L.E.1. Planificación Termal	1.946.193 €
L.E.2. Infraestructuras Termals	49.994.000 €
L.E.3. Produtos Termals	280.000 €
L.E.4. Coñecemento Termal	5.624.000 €
L.E.5. Promoción Termal	1.230.000 €
TOTAL (71 accións)	59.104.172 €
TOTAL (71 accións + Acción pendente de definición)	94.000.172 €
Anexos (14+ Acción pendente de definición)	107.396.000 €
TOTAL CON ANEXOS (86 accións)	166.500.172 €

7. ORZAMENTO ESTIMADO

Orzamento do Plan Termal para a XUNTA, a Deputación de Ourense e o Estado:

	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	TOTAIS
Turismo de Galicia	3.774.285 €	1.066.618 €	163.618 €	103.618 €	103.618 €	103.618 €	103.619 €	5.418.994 €
Consellería MATI	92.500 €	322.500 €	235.000 €	30.000 €	30.000 €	30.000 €	30.000 €	770.000 €
Consellería de Traballo e Benestar	0 €	24.166 €	24.166 €	24.166 €	24.166 €	24.166 €	24.166 €	144.996 €
Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria	5.400.000 €	0 €	0 €	0 €	0 €	0 €	0 €	5.400.000 €
Consellería Economía e Industria	0 €	2.060.000 €	2.105.000 €	2.000.000 €	2.000.000 €	0 €	0 €	8.165.000 €
	9.266.785 €	3.473.284 €	2.527.784 €	2.157.784 €	2.157.784 €	157.784 €	157.785 €	19.898.990 €

	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	TOTAIS
Deputación de Ourense	982.143 €	2.890.809 €	1.469.642 €	1.126.309 €	1.126.309 €	126.309 €	126.309 €	7.847.830 €

	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	TOTAIS
Estado	716.406 €	330.046 €	460.879 €	120.046 €	520.046 €	120.046 €	120.051 €	2.387.520 €

7. ORZAMENTO ESTIMADO

Orzamento do Plan Termal para os Concellos e os Axentes privados:

	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	TOTAIS
Ourense	2.123.428 €	1.030.428 €	2.003.428 €	1.993.428 €	1.030.428 €	18.428 €	18.423 €	8.217.991 €
Leiro	10.000 €	0 €	0 €	0 €	0 €	0 €	0 €	10.000 €
Verín	0 €	45.000 €	800.000 €	800.000 €	0 €	0 €	0 €	1.645.000 €
Cenlle	92.500 €	0 €	0 €	0 €	0 €	0 €	0 €	92.500 €
Carballiño	0 €	600.000 €	0 €	0 €	0 €	0 €	0 €	600.000 €
Bande	0 €	0 €	0 €	0 €	400.000 €	0 €	0 €	400.000 €
Muiños	300.000 €	300.000 €	0 €	0 €	0 €	0 €	0 €	600.000 €
Otros Concellos	25.000 €	0 €	0 €	0 €	0 €	0 €	0 €	25.000 €
	2.550.928 €	1.975.428 €	2.803.428 €	2.793.428 €	1.430.428 €	18.428 €	18.423 €	11.590.491 €

	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	TOTAIS
Axentes Privados	480.000 €	6.434.333 €	9.457.666 €	9.204.333 €	8.954.333 €	3.584.333 €	2.884.334 €	40.999.332 €

OURENSE, DESTINO TERMAL

PLAN DE TURISMO TERMAL PARA A PROVINCIA DE OURENSE

